Escrito lo que antecede á poco de publicada la gramática gallega, verdadera gramática ya, del malogrado virtuoso eclesiástico señor Saco Arce y cuando venido no habían aun al mundo de las letras el periódico *Tio Marcos d'a Portela*, las poesías de aquel; *Espiñas, follas é froes*, de Lamas Carvajal; *Saudades*, del mismo autor; *Aires d'a miña terra*, de Curros Enriquez; *Follas novas*, de la señora Castro de Murguía; *Versos*, de Perez Ballesteros; *Risas y lágrimas*, de Marcos Santos; *Fonte d'o xuramento*, de D. Francisco María de la Iglesia y *Mesa revuelta*, de Barcia Caballero; escrito el 30 de junio de 1869, dando entonces por terminado dicho modestísimo trabajo, llegó ocho años despues á nuestras manos, ó sea en 1876, el

diccionario del señor Cuveiro Piñol, obra de que no teníamos el menor conocimiento: ojeámosla con ansiedad, vimos al lado de porción de voces inusitadas, algunas usuales no comprendidas en la nuestra; animámonos con esto á trabajar de nuevo en ella y, utilizando de la del señor Cuveiro, más que lo muy antiguo, lo necesario, ó de actualidad, prescindimos casi de las inusitadas y copiamos de las en uso unas doscientas, las cuales y muchas otras que desde 1869 acá fuimos recogiendo en diferentes puntos de Galicia, cien de ellas espontaneamente facilitadas [IX] por el buenísimo señor D Gumersindo Laverde Ruiz, gloria indiscutible de los hablistas, poetas y eruditos españoles de nuestros días, no obstante los padecimientos que le aquejan, reúne ahora el diccionario que, en prueba de acendrado amor á la madre patria, nos atrevemos á publicar, más de diez mil seiscientos vocablos, cuatrocientos sesenta refranes, proverbios y decires, fragmentos poéticos de que arriba hablamos y doscientas cuarenta y dos cántigas que á la moral no ofenden y patentizan la suavidad, delicadeza y hermosura de nuestro dialecto, próximo, acaso, á desaparecer entre el humo de las locomotoras, ó á ser lastimosamente adulterado, efecto de la emigración y otras circunstancias no aquí del caso. Y, mediante á que, entre las diversas plantas que nominamos, se describen varias, casi todas del país, terminará la obra con un ligero vocabulario científico, para la mejor inteligencia de las descripciones y hasta para facilitar las de otras nuevas que

clasificar intenten los curiosos, ó á este ramo de Historia natural aficionados.

Marcial Valladares.

[XI]

ADVERTENCIAS.

La letra *g*, seguida de las vocales *e i*, no se pronuncia fuerte, como en castellano, ni suave, como seguida de las vocales *a o u*, y sí como en francés, ó como los gallegos la pronunciamos en las voces *gerner, ginea*; pronunciacion que solo de viva voz se puede percibir y aprender.

Lo mismo sucede con la *j* y la *x*, seguidas, no ya solo de las vocales *e i*, sino tambien de las otras tres *a o u*. Por ejemplo: *Jan, Jepe, jiba, joubá, juizo. Xarda, xeva, xinicoso, xorda, xufre*.

Las voces que en su principio, ó medio, no se hallen con *c* se buscarán con *z* y al contrario.

Las que no se hallen con *g* se buscarán con *j* ó *x* y vice-versa.

Las que no se hallen con *h* se buscarán sin ella.

Las que no se hallen con *v* se buscarán con *b* y al contrario.

ABREVIATURAS.

˘ Signo manifestativo de palabra gallega, ó castellana, segun se pronuncie la letra que le lleve. Por ejemplo: *ǃusta, ǃustillo*.

` Acento de izquierda á derecha, indicativo de que es abierta la vocal sobre que descanse. V. g. *Lèria, chòya*.

ant. Voz anticuada en diccionarios castellanos.

aument. Voz aumentativa.

com. Voz comun, que lo mismo significa, lo mismo se escribe y pronuncia en gallego que en castellano.

com. fam. Voz comun familiar.

conj. Conjuncion.

diminut. Diminutivo.

int. Interjección.

pr. Preposición.

pron. Pronombre.

v. Véase.

[portadilla]

[A]

**DICCIONARIO
GALLEGO-CASTELLANO**

**por
D. Marcial Valladares Nuñez**

INDIVIDUO CORRESPONDIENTE DE LA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA.

CON LICENCIA DE LA AUTORIDAD ECLESIASTICA.

**SANTIAGO
Imprenta del Seminario Conciliar Central
1884.**

[B]

Es propiedad del autor.

[I]

[Petición de licencia eclesiástica]

Eminentísimo Señor Cardenal Arzobispo de Compostela.

Eminentísimo Señor:

Don Marcial Valladares Nuñez, vecino de San Vicente de Berres, ayuntamiento de Estrada, á Vuestra Eminencia con todo respeto expone: Que, hijo sumiso de la Iglesia y antes de dar á luz un *Diccionario Gallego-Castellano* que en el Seminario conciliar de esta ciudad intenta imprimir, ocurre á Vuestra Eminencia,

Suplicando que, prévio exámen de la obra y visto nada encierra contra la fé ni ofensivo á la moral, se digne otorgarle la correspondiente licencia eclesiástica; gracia que espera obtener del magnánimo corazon de Vuestra Eminencia, cuya vida guarde el Cielo muchos años. Santiago marzo 18 de 1884. = EMINENTÍSIMO SEÑOR.= *Marcial Valladares*. = Santiago 21 de marzo de 1884.= Vista por Nos la presente instancia, comisionamos al M. I. Sr. Licdo. D. Antonio Lopez Ferreiro, Canónigo de esta S. I. Metropolitana, para el exámen y

censura de la obra que el exponente D. Marcial Valladares desea dar á luz.= EL CARDENAL ARZOBISPO.= Lo decretó y firmó S. Ema. Revma. el Cardenal Arzobispo mi Sr., de que certifico.= *Miguel Payá Alonso*, Subsrio.

[III] [Censura e licencia eclesiástica]

Emmo. y Revmo. Señor:

En cumplimiento del encargo con que V. Ema. Revma. se ha dignado honrarme, he examinado el notable *Diccionario Gallego-Castellano* compuesto por el Sr. D. Marcial Valladares, vecino de este Arzobispado.

Suele decirse, Emmo. Señor, que el estilo es el hombre; y con mayor razon debe sentarse que el lenguaje es el pueblo. En efecto, en el lenguaje vemos reflejadas las costumbres, la índole, las afecciones, los gustos y las aptitudes de cada pueblo. No es esto solo; el lenguaje es como un museo, en donde el arqueólogo, el filólogo, el historiador, el literato y el etnógrafo encontrarán no escasos objetos de estudio. En sus fonéticas piezas, por gastadas y ludidas que estén, suele descubrirse la impronta de su procedencia; y por consiguiente, si de una parte son un indicio de las influencias á que el lenguaje estuvo sujeto, de otra acusan tambien la accion y predominio que el mismo ejerció á su vez en los afines. Hay otra consideracion que realza aun mas lo valioso de la obra: un Diccionario es el

inventario de los signos de locucion de que dispone un pueblo para expresar sus pensamientos y todas las naciones cultas le guardan y custodian con esmero. No necesito, pues, encarecer la importancia del asunto, que se recomienda por sí mismo; y aun, bajo este solo concepto, nadie podrá menos de aplaudir el noble empeño del autor que, con incansable afan y erudicion é inteligencia no comunes, se ha esforzado por dotar á su patria de un Vocabulario completo.

Al recorrer con fruicion las páginas de tan meditado trabajo, nada he hallado en él que esté en oposicion con las enseñanzas de la fé y de la moral. Podría desearse que algun vocablo quedara omitido y que en alguna definicion se emplearan giros de colorido no tan subidamente realista. Mas *ubi plura nitent*, diré con Horacio, *non ego paucis offendar maculis*.

Tal es, Emmo. Señor, el juicio que he formado del Diccionario del Sr. Valladares y que tengo el honor de elevar á la superior consideracion de V. Ema. Revma. Santiago 22 de abril de 1884.- EMMO. Y REVMO. SEÑOR.- *Antonio Lopez Ferreiro*.- Santiago 24 de abril de 1884.- Por el presente concedemos nuestra licencia para que pueda imprimirse y publicarse el Diccionario Gallego, escrito por D. Marcial Valladares, toda vez que, segun resulta del precedente dictamen del censor eclesiástico, no contiene cosa alguna contraria al dogma católico y sana moral.- EL CARDENAL ARZOBISPO.- Lo decretó y firmó S. Ema. Revma. El Cardenal Arzobispo mi Sr., de que certifico.- *Miguel Payá Alonso*, Subsrio.

[V]

PRÓLOGO.

«Demostrada hace ya tiempo la conveniencia de un diccionario gallego, poco, sin embargo, acerca del particular, se ha trabajado en medio de las muchas bellísimas composiciones que de gallegos poetas han salido y estan saliendo á luz en nuestros dias. Débese eso poco que conocemos á la estudiosidad y celo del presbítero D. Francisco Javier Rodriguez, bibliotecario que fué de la Universidad de Santiago, cuyos inéditos artículos, con el título de *Diccionario Gallego-Castellano*, publicó en mil ochocientos sesenta y tres *La Galicia*, revista universal de este reino, bajo la direccion de nuestro amigo D. Antonio de la Iglesia y Gonzalez; débese tambien, en parte, al *Glosario* de la iriaflaviana poetisa Doña Rosalía Castro de Murguía en sus *Cantares gallegos*, publicados el propio año de mil ochocientos sesenta y tres, y al *Vocabulario* del santiagués D. Francisco Mirás en su *Compendio de gramática gallega-castellana*, dada á luz en mil ochocientos sesenta y cuatro. Consta el *Diccionario* del primero de más de cuatro mil trescientas voces, meditadamente definidas é ilustradas muchas con curiosas indicaciones de su origen y equivalencias en las lenguas latina, francesa, portuguesa é italiana, así como en los dialectos asturiano y catalan. Preciabilísimo es el Diccionario del señor Rodriguez y Galicia, que se honra en ser la patria de su tio el famoso matemático D. José, tiene ya que asociar necesariamente á aquel ilustre

nombre el de su sobrino D. Francisco, por más que la muerte no le permitiese dejarnos sino una pequeña parte de la gran obra que en mente proyectaba».

«Contiene el *Glosario*, de la señora Castro de Murguía doscientas ocho voces, para la mejor inteligencia de sus *Cantares*, preciosa obrita en que, á través de las ricas galas de la poesía, vese siempre el corazón de una mujer toda amor hácia su país».

[VI] «Y componen, por último, unas cuatrocientas y tantas el *Vocabulario* del señor Mirás, siquiera, al tomarlas de boca de rústicos labradores, fuese tan excesivamente exacto que, intentando patentizar las *geadas*, en que incurren estos, efecto de ignorancia, ó abandono, desvirtuase hasta cierto punto el valor de algunos vocablos: así es que escribió *esjanado*, en vez de *esganado*; *esjumiado*, en vez de *esgumiado*; *fojo*, en vez de *fogo*; *gindar*, en vez de *guindar*; *jalupin*, en vez de *galupin*; *joloso*, en vez de *goloso*; *jorxa*, en vez de *gorja*; *nujalla*, en vez de *nugalla*; *pirgiseiro*, en vez de *pirguiseiro* etc., sin advertir, acaso, que, pronunciándose, ó debiendo pronunciarse en gallego culto la *j* y el *ge gi* como en francés se pronuncia, solo un castellano leerá las citadas voces de la manera que las escribió el señor Mirás. Las *geadas* son un defecto de la gente idiota; consisten en hacer fuerte la *g* suave, como en *gaita*, *guerra*, *guinda*, *gozo*, *gusto*; y, siendo un defecto, un abuso de simple pronunciación, lo mismo que el decir *berse*, *Visente*, *senteo*, *siudá* etc., por *berce*, *Vicente*, *centeo*, *ciudá*; y *nabisa*, *sapato*, *sarrapicar*, *soco*, etc., por *nabiza*, *zapato*, *zarrapicar*, *zoco*, etc., en ninguna

gramática, en ningún vocabulario, pueden hallar cabida y deslustran la, por otra parte, interesante obra del señor Mirás».

«Nosotros, que desde mil ochocientos cincuenta venimos ocupándonos en tareas parecidas á las del señor Rodríguez; que ante las numerosas vías de comunicación abiertas hoy en Galicia, ante las invenciones del ferro-carril y del telégrafo eléctrico, ante el movimiento material é intelectual de nuestra época, comprendemos la utilidad ahora como nunca de un completo DICCIONARIO GALLEGO-CASTELLANO, comprendemos no menos la casi imposibilidad de llevar á cabo tamaña empresa, á no mediar el concurso de las cuatro provincias gallegas, concurso fácil si sus Diputaciones entre sí quisieran entenderse y ofrecer digno premio cada una al mejor que en la suya respectiva se presentase. Tendríamos entonces diccionarios parciales de todas ellas, materiales suficientes acopiados y, en su vista, una sociedad de personas competentes, representantes de las cuatro provincias hermanas, formaría luego el diccionario general de nuestro antiguo reino».

«Duélenos reflexionar, no que hablemos gallego los gallegos, si que, salvo honrosas excepciones, lo verifiquemos [VII] sin conciencia de nuestra lengua que tradicionalmente pasa de boca en boca, sin mejora alguna, ni para ella misma, ni para su traducción al castellano, cuando un buen diccionario gallego-castellano, lejos de perjudicar al idioma de Castilla, haría se difundiese éste más y más entre las clases todas de Galicia. Está en la

naturaleza de las cosas; es ley de la humana condicion, siempre perfectible, siempre inclinada á adoptar lo que más impresiona sus sentidos é indudable que, si cualquier patan del campo viese en un diccionario gallego, al lado de las voces, ó palabras de su dialecto, único que conoce, equivalencias castellanas que la gente instruida usa, procuraría naturalmente irse familiarizando con estas y, corridos años, el habla gallega se habría perfeccionado mucho».

«Y ¿no es vergüenza, no es mengua que un territorio de novecientas cuarenta y siete leguas cuadradas de superficie, el territorio todo que en sus cuatro provincias abarca nuestra Galicia, carezca aun, no digamos ya de un periódico, sino hasta de un calendario escrito en dialecto suyo, teniendo casi todos los labradores que comprar el lusitano, por la especie de afinidad que hallan entre su habla y la portuguesa...?»

«Amantes de nuestra patria, de esta mimosa Galicia, donde en risueño paisaje, besado por el Ulla, y al compas de sus tiernos sencillísimos cantares, se meció la cuna de nuestra infancia; ganosos de que siempre esos mismos cantares la recuerden y con ellos sus refranes, de que un libro gallego, verdaderamente popular é instructivo, ande hasta en manos del labriego; nosotros, entendiendo que lo importante en un diccionario es el número mayor de voces, con buena ortografía escritas y exactamente definidas, trabajamos á este fin con esmerado celo en cuantos ócios nos dejaron nuestras ocupaciones, así públicas, como privadas; refundimos en nuestro trabajo los del señor Rodriguez, señora Castro de Murguía y

señor Mirás, omitiendo, sin embargo, de los del primero las voces designativas solo de parroquia, ó localidad, ya por contener muy pocas de esta clase, ya por creerlas propias de un diccionario geográfico: en su lugar, introducimos algunas familiares y casi inusitadas en el habla de Castilla, pero muy comunes entre nuestros labradores; señalamos, entre las gallegas, [VIII] aquellas que, no obstante pasar por tales en Galicia, figuran como anticuadas en castellanos diccionarios; y, con cuantas, además, día tras día acopió una incesante perseverancia, cábenos hoy la honra de ofrecer á nuestros compatriotas nuevo DICCIONARIO GALLEGO-CASTELLANO, compuesto de más de nueve mil trescientos vocablos, porcion de ellos ilustrada y amenizada con ejemplillos, ora de cosecha propia, ora de populares cantos y refranes, ora de escogidas poesías, en cortísimos fragmentos copiados; cantos, refranes y fragmentos que no traducimos, á fin de que el lector lo verifique, familiarizándose así con nuestro libro. Y, ya que individualmente solo esto hemos podido hacer, sea nuestro modestísimo trabajo razon estimulante para que hagan otros mucho más».

Escrito lo que antecede á poco de publicada la *Gramática gallega*, verdadera gramática ya, del malogrado virtuoso eclesiástico señor Saco Arce y cuando venido no habían aun al mundo de las letras el periódico *Tio Marcos d'a Portela*; las *Poesías* de aquel; *Espiñas, follas é frores*, de Lamas Carvajal; *Saudades*, del mismo autor; *Aires d'a miña terra*, de Curros Enriquez; *Follas novas*, de la señora Castro de Murguía; *Versos* de Perez Ballesteros; *Risas y lágrimas*, de Marcos Santos; *Fonte d'o xuramento*, de D. Francisco María de la Iglesia y *Mesa*

revuelta, de Barcia Caballero; escrito el 30 de junio de 1869, dando entonces por terminado dicho modestísimo trabajo, llegó ocho años después á nuestras manos, ó sea en 1876, el diccionario del señor Cuveiro Piñol, obra de que no teníamos, el menor conocimiento: ojeámosla con ansiedad, vimos al lado de porción de voces inusitadas, algunas usuales no comprendidas en la nuestra; animámonos con esto á trabajar de nuevo en ella y, utilizando de la del señor Cuveiro, más que lo muy antiguo, lo necesario, ó de actualidad, prescindimos casi de las inusitadas y copiamos de las en uso unas doscientas, con las cuales y muchas otras que desde 1869 acá fuimos recogiendo en diferentes puntos de Galicia, cien de ellas espontáneamente facilitadas por el buenísimo señor D. Gumersindo Laverde Ruiz, gloria indiscutible de los hablistas, poetas y eruditos españoles de nuestros días, no obstante los padecimientos que le aquejan, reúne ahora el diccionario que, en [IX] prueba de acendrado amor á la madre patria, nos atrevemos á publicar, más de diez mil seiscientos vocablos, cuatrocientos sesenta refranes, proverbios y decires, fragmentos poéticos de que arriba hablamos y doscientas cuarenta y dos cántigas que á la moral no ofenden y patentizan la suavidad, delicadeza y hermosura de nuestro dialecto, próximo, acaso, á desaparecer entre el humo de las locomotoras, ó á ser lastimosamente adulterado, efecto de la emigración y otras circunstancias no aquí del caso. Y, mediante á que, entre las diversas plantas que nominamos, se describen varias, casi todas del país, terminará la obra con un ligero vocabulario científico, para la mejor inteligencia de las descripciones y hasta para facilitar las de otras nuevas que

clasificar intenten los curiosos, ó á este ramo de Historia Natural aficionados.

Marcial Valladares.

[XI]

ADVERTENCIAS.

La letra *g*, seguida de las vocales *e i*, no se pronuncia fuerte, como en castellano, ni suave, como seguida de las vocales *a o u*, y sí como en francés, ó como los gallegos la pronunciamos en las voces *gerner, ginea*; pronunciacion que solo de viva voz se puede percibir y aprender.

Lo mismo sucede con la *j* y la *x*, seguidas, no ya solo de las vocales *e i*, sino tambien de las otras tres *a o u*. Por ejemplo: *Jan, Jepe, jiba, jouba, juizo. Xarda, xeva, xinicoso, xorda, xufre*.

Las voces que en su principio, ó medio, no se hallen con *c* se buscarán con *z* y al contrario.

Las que no se hallen con *g* se buscarán con *j* ó *x* y vice-versa.

Las que no se hallen con *h* se buscarán sin ella.

Las que no se hallen con *v* se buscarán con *b* y al contrario.

ABREVIATURAS.

˘ Signo manifestativo de palabra gallega, ó castellana, segun se pronuncie la letra que le lleve. Por ejemplo: *ǃusta, ǃustillo*.

` Acento de izquierda á derecha, indicativo de que es abierta la vocal sobre que descansa. V. g. *Lèria, chòya*.

ant. Voz anticuada en diccionarios castellanos.

aument. Voz aumentativa.

com. Voz comun, que lo mismo significa, lo mismo se escribe y pronuncia en gallego que en castellano.

com. fam. Voz comun familiar.

conj. Conjuncion.

diminut. Diminutivo.

int. Interjeccion.

pr. Preposicion.

pron. Pronombre.

v. Véase.

Nuevo suplemento al *Diccionario gallego-castellano* publicado en 1884 por D. Marcial Valladares Núñez

Transcripción e intruducción

por

Maricarme Gracia Ares

1. Introducción

En setembro de 1996, un século despois de que don Marcial Valladares rematase este *Nuevo Suplemento al Diccionario Gallego-castellano* dábase a coñecer publicamente nunha tese de licenciatura presentada na Facultade de Filoloxía. Co suplemento, Valladares pretendía completa-lo seu dicionario aparecido uns anos antes, que, segundo laudatorias palabras de Carballo Calero¹ “supera amplamente aos seus predecesores, dos que, naturalmente, se aproveita. O seu Diccionario serve de base a todos os posteriores. É o primeiro dicionario verdadeiramente maduro [...] puxo os fundamentos do estudo da nosa lingua”

1. Escritas con motivo do Día das Letras Galegas de 1970 adicado a M. Valladares.

O manuscrito, ó ser unha obra inédita e case descoñecida, non deixou pegadas nos dicionaristas posteriores. A obra lexicográfica de Marcial Valladares segue a pauta propia da lexicografía castelá de finais do século XIX e á vez presenta certas características que o diferencian doutras obras contemporáneas: vocabulario pertencente ó galego vivo, marca do timbre vocálico con precisión e con coherencia, presenza de termos comúns ó castelán, ausencia de afán normativista, profusión de exemplos autorizando o lema, orixe dalgunhas palabras.... Comete os erros típicos dos dicionarios do momento, como a inclusión de nomes propios, de formas marcadas como femininos, plurais... A separación de acepcións e de palabras (pola forma e nunca pola orixe) tampouco sería a correcta desde o punto de vista actual.

O labor lexicográfico de Marcial Valladares é realmente encomiable, non só en canto á cantidade (máis de 13.000 voces recollidas) senón tamén no tocante á calidade: aplicaba criterios na selección léxica e traballada con escrúpulo e con curiosidade. Adicou á lexicografía unha boa parte da súa vida, ata que a saúde non lle permitiu seguir.

Por último, non quero deixar pasar esta oportunidade sen agradecer-la colaboración de todas aquelas persoas que dun xeito ou doutro participaron na edición do manuscrito, especialmente ó ILG polas facilidades ofrecidas. Singularmente, cómpre lembra-la familia Ferreirós que non permitiu que morrese a memoria de don Marcial Valladares.

2. O manuscrito

2.1. Noticia e localización

A noticia e a obtención do manuscrito débese ó profesor Antón Santamarina, que soubo del a través de Filgueira Valverde, daquela presidente do Consello da Cultura Galega.

Na actualidade o manuscrito pertence á familia de D. Carlos Ferreirós Espinosa, aínda que despois da súa morte¹, descoñécese onde se atopa. O manuscrito formaba parte, como herdo, do Casal de Vilancosta, onde Marcial Valladares viviu coa súa irmá Avelina. Como os dous permaneceron solteiros, a casa de Vilancosta con tódalas súas pertenzas pasou a un sobriño, Laurentino (fillo de Luísa Valladares). Carlos Ferreirós Espinosa era un dos seus netos (bisneto de Luísa Valladares), entre os que se sorteou Vilancosta.

2.2. Características

Este novo suplemento ó *Diccionario* está constituído por dúas partes: un caderno tamaño cuartilla con liñas marcadas polo mesmo autor, e cunhas delgadas tapas azuis; e mais unhas follas soltas tamaño folio, de papel goso que podemos dicir que constitúen unha

1. Abril de 1996.

addenda ó caderno citado.

O primeiro caderno divídese en 6 partes:

1ª *Nuevo Suplemento al diccionario gallego-castellano, publicado en 1884 por D. M. V. N., autor de uno y otro, confesando.....* Formado por 96 páxinas¹. Contén 1.188 palabras definidas (sen conta-las variantes de sufixos *-á, -ade, -ú, -ude*).

2ª *Voces que deben intercalarse en las que anteceden.* 25 páxinas, 330 palabras que levan unha chamada con números intercalados no texto anterior.

3ª *Más voces.* 5 páxinas, 61 voces, que levan unha chamada con letras intercaladas no apéndice anterior.

4ª *Más voces.* 7 páxinas, só 49 palabras, levan unha chamada con asteriscos (*,**,***...)

5ª *Índice alfabético de todas las voces contenidas en este nuevo suplemento.* 37 páxinas. Presenta diverxencias, sobre todo na acentuación, respecto ás entradas do resto do suplemento². Na presente edición non se reproduce este índice.

1. Valladares non paxinou ningún destes manuscritos.

6ª *Voces que deben intercalarse en el anterior índice*. 23 páxinas, levan unha chamada con números intercalados no índice. Son 350 entradas.

A segunda parte está formada por:

a- *Frases Gallegas*. Catro follas, nas que se manusciben 63 frases galegas cos seus respectivos significados.

b- *Pregones. En Santiago*. Unha folla pequena, raiada, que aparecía solta. Son 13 pequenos enunciados, maioritariamente interrogativos, nos que se anuncian mercadorías que están á venda ou se piden cartos como esmola.

c- *Más voces gallegas*. 34 páxinas con 314 entradas, cunha organización moi semellante á dos demais apéndices, sen chamadas ós textos anteriores, pero con remisións a palabras xa aparecidas.

O primeiro caderno comprende, ademais, un recorte solto no que Valladares fai a suma de tódalas *Voces gallegas reunidas*. O texto é o seguinte:

Voces gallegas reunidas

Nº de ellas

2. Algunhas tan importantes como *atrxixarse/atrixarse*.

En el diccionario impreso	10.600
<i>En el suplemento al mismo, también impreso</i>	250
<i>En este libro, o suplemento manuscrito</i>	1.882
<i>En el cuaderno largo, papel de barba</i>	304
Total	13.036

Así e todo, o seu cómputo está errado. O último apéndice contén 314 voces e non 304, e en *En este libro, o suplemento manuscrito*, 1968 voces fronte ás 1882 que aseguraba Valladares.

A maiores, froito da historia do manuscrito, aparece un engadido de Antón Losada Espinosa, outro dos bisnetos de Luísa Valladares (fillo de Antón Losada Diéguez e Albina Espinosa Cervela). Trátase dunha folla solta na que aparecen definidas media ducia de palabras que Losada quixo engadir ó texto de Valladares. Son estas¹:

Abondoso. Abundante. Generoso

A fé. Te lo juro.

Gamallo. Ramillete de roble para espantar la mosca a la caballería.

Arripía. Arrepia. Horripila.

Arriar. Soltar

As entradas presentan unha ordenación alfabética na que se poden atopar algúns erros, moi poucos en xeral e case sempre por causa das remisións dun apéndice a outro¹. Considera o <ch>, o <ll> e o <rr> como letras independentes.

O primeiro caderno ten un aspecto moi coidado. Trátase dun texto a dúas columnas, con letra alta e estreita, un pouco torcida cara á dereita. O lema de cada entrada aparece con letra máis grande e máis escura cá do artigo correspondente. Cando remite a unha palabra galega, esta aparece subliñada. As citas van entre comiñas, sinalando entre parénteses o autor. Tanto estas coma as cantigas que exemplifican un lema teñen marxes distintas ás do texto nor-

1. Antón Losada tivo moito contacto co seu tío José Espinosa Cervela, naquel momento dono do Casal de Vilancosta. Por esta razón contaba se-lo herdeiro de Vilancosta, e por iso varios dos manuscritos de Valladares, incluídos os deste suplemento, levan na primeira páxina, na esquina superior dereita, entre parénteses, o nome de A. Losada.

1. Os erros de ordenación alfabética corrixíronse na presente edición.

mal. As frases que aparecen en galego como exemplo do termo definido están subliñadas. As entradas de cada letra aparecen separadas por dúas ou tres ringleiras en branco. Non se atopa ningún caso de texto ilexible e tan só dous borranchos: *galván* na que se risca a palabra completa, e *zozóiros* na que se sobreescribe a palabra á que remite (*entrecartes*). Tamén se perciben algúns engadidos do propio autor. O máis destacable atópase na palabra *alarbéa* que foi definida despois de feita o listaxe, e na que, por cuestións de espacio, tivo que engadi-lo exemplo na marxe inferior cunha chamada.

Nas follas soltas a claridade e a perfección que se vía na primeira parte, non aparecen. A letra é máis insegura cá do caderno. A organización é moi inestable: unhas liñas moi xuntas e outras moi separadas, marxes e ringleiras tortas, engadidos, manchas de tinta, palabras riscadas, falta de datos. Moitas palabras teñen a súa equivalencia entre interrogacións (*alarar*, *meálla...*), outras aparecen sen definir (*parrèla*, *urcèla...*) e noutras só aparecen os exemplos e/ou a referencia de onde foron quitadas (*tròes*, *quilma...*). En xeral, as definicións son moito máis sinxelas cás anteriores: menos sinónimos, menos explicacións, poucas equivalencias... Quizais todo isto haxa que atribuílo ó feito de tratarse dun borrador doutro apéndice.

Tamén hai grandes diferencias en canto ós contidos. Se ben no suplemento había algúns arcaísmos, a maioría das 314 palabras deste último apéndice son sacadas da revista *Galicia Histórica*, concretamente da súa *Colección Diplomática* (CDGH) que apareceu no ano 1901¹, e que contiña exclusivamente textos medievais, sobre todo dos séculos XIV e XV. Fronte a isto cómpre recorda-la gran cantidade de formas vivas que recollía Valladares no dicionario, trazo polo que se caracterizou a súa obra lexicográfica². O manuscrito aparece asinado e datado en 1902, un ano antes da morte de Valladares³. Por iso non citou nunca máis alá do número 6 (*Mayo-Junio* de 1902) da CDGH, aínda que a Revista continúa ata o 12.

1. Nela pretendíanse “publicar (...) todos los textos, Códices, Diplomas propiamente dichos, o Manuscritos de cualquier clase que sirvan para conocer o ilustrar la Historia regional”.

2. J. L. Pensado (1988): “... Valladares tiene contacto con la lengua viva...”.

3. No número 9 da CDGH aparece unha *Necrología* dedicada precisamente á morte de Valladares (páx. 618): “Apenas transcurrido un año desde la muerte de la delicada poetisa Avelina Valladares, los amantes de las glorias gallegas vuelven a estar de luto por la pérdida de su preclaro hermano, el literato autor del Dicionario Gallego. Aparte del valor intrínseco de esta obra, en nuestro concepto la más acabada en su género de las que cuenta Galicia, la labor literaria de D. Marcial Valladares señálale un lugar preferente entre los que han espigado en nuestra literatura regional...”

Sen dúbida, tratase dun texto inconcluso. Detéctanse bastantes exemplos de palabras introducidas despois dunha primeira redacción: *cambais*, *gorguèira*... Unhas veces, os engadidos van na marxe (*cordèlas*), ou en espazos baldeiros do folio (*d'aquèla*). Outras, remitía a palabra, cun símbolo, a un recorte de papel que aparece solto entre as follas (*alfombere*, *moazinós*, *pulgameno*, *sangano*).

É posible que Valladares comezase a repasar este manuscrito coa intención de facer unha edición definitiva do mesmo. Só así se xustifica a presenza de catro símbolos: *NO*, *X*, *XX* ou *XXX*. Ningún deles foi comentado polo autor.

Todas estas razóns expostas fixeron dubidar sobre a conveniencia de incluír este apartado no corpo do suplemento. Un dato clave á hora de decidir foi o feito de que o propio Valladares o incluíse no cómputo total das *Voces gallegas reunidas*¹.

2.3. Época de elaboración

Os datos que ofrece o manuscrito poden axudar a datalo con bastante precisión. Son

1. De calquera xeito, convén non esquecer que aquelas palabras que levan a referencia [5] (veranse estas referencias nas características desta edición) pertencen a este último apartado.

dous:

-por un lado, na portada do caderno aparece a data de 1896,

-e por outro, ó final da primeira parte do devandito caderno, Marcial Valladares ó asinalo seu traballo indica a súa idade:

“Marcial Valladares a los 72 años.”

Se D. Marcial naceu no ano 1821, con 72 anos anda o ano 1893. Así, a primeira parte do manuscrito foi rematada no 1893, e o resto das partes, todas sen datación, foron redactadas entre ese ano e 1896¹.

O último apéndice está datado no 1902, un ano antes da súa morte, pero non puido comezar a redactarse antes do 1901, concretamente antes de xullo-agosto. Neses meses iniciábase a edición da *Revista Galicia Histórica*, e da súa *Colección Diplomática* das cales extrae Valladares unha boa parte do lemas.

1. No corpo do suplemento aparece unicamente o ano 1888, na entrada *mildèu*, no que se data a dita enfermidade nas viñas “en muchas localidades de nuestra España”. Así e todo esta data non indica máis ca que esa entrada foi redactada despois dese ano.

Outra posibilidade para datar este traballo estaba nas obras das que proceden os exemplos¹. Ofrecen, sen embargo, unha axuda relativa: todos eles pertencen a obras moi próximas ó propio manuscrito e ningunha con datas posteriores a 1896. Algunhas destas obras son: *Volvoletas* (1887), *Chorimas* (1890), *Leenda de gloria* (1891) e *Follas de papel* (1892) de Alberto García Ferreiro, *Balsamo de Fierabrás* (1889) de Enrique Labarta, *Andeiro* (1922) de Martelo Paumán², *O Catecismo do labrego* (1888) de Lamas Carvajal, *Aires da miña terra* (1880) de Curros Enríquez, etc.³

1. Nalgúns casos non se puido localizar información nin do autor nin da súa obra (J.B. Montero e Estebo de Paleo).

2. A obra *Andeiro, Poema histórico da Unión Ibérica (s. XIV)*, de Martelo Paumán, foi publicada no 1922, na Coruña, polo tanto Valladares non puido consultar esta edición. Como non hai noticia de que houbera unha edición anterior, Valladares tivo que consultar a obra no manuscrito orixinal, ou polo menos o primeiro dos seis cantos que a compón “O castro de Asperón”. Á mesma obra pertence o exemplo de *alarbèa*, que foi introducido posteriormente na primeira parte do suplemento.

3. O sistema de busca destes exemplos baseouse na totalidade dos textos que se concordaron no proxecto Base de Datos para un Diccionario Galego, que se leva adiante no ILG baixo a dirección do profesor Antón Santamarina.

2.4. *Indicacións previas*

Cómpre afondar nas indicacións que aparecen como primeiro apartado do manuscrito, coincidentes só en parte coas do dicionario.

2.4.1. *Advertencias*

O texto das advertencias ten como fondo o tema da ortografía, cuestión que foi motivo de preocupación para o autor¹. Trátase dunhas aclaracións necesarias polos problemas que podía ocasiona-la ortografía vixente (e vacilante) de finais do século XIX. As dúas primeiras advertencias tratan a cuestión das grafías: <x>, <j>, <g>, que tanta polémica xerou no ano 1888². O problema centrábase en cál debía se-la ortografía máis axeitada para o fonema fricativo postalveolar xordo.

Os seguintes puntos refírense ó uso de grafías arbitrarias: <c> / <z>, <h>, / <v>.

1. Dedicoulle varios artigos xornalísticos, ademais dun amplo espacio na súa gramática.

2. Véxase o artigo de Carme Hermida “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]”, en *Grial*, XXV-97, 1987. Tamén a tese de doutoramento de Ernesto X. Seoane González: *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. 1992. Inédita.

No caso de <c>/<z> atópanse erros tanto en galego: *azemella, zizañas, moazinos, tronze (dun)*, coma en castelán *hazecillo e zizaña*.

En canto o <h>, atopamos dous tipos de casos: corrección da ortografía do dicionario (*òvèiro-hòvèiro*) e remisión dunhas palabras a outras coa única diferenza da grafía: *òmecío, òmiciano, uxón, espital* remiten ás mesmas con h¹. Tamén hai erros en castelán: *elecho, emicránea*.

Igualmente alternan as ocorrencias do e do <v>. Non se trata de casos de correccións senón de remisións, que poden ser de palabras con ás correspondentes con <v> (*abantar, barraco...*), e viceversa (*varrèlo, vejato*)... Nalgúns destes casos remite non exactamente á mesma palabra senón a unha variante: *esvaído a esbaecido, òulibe a òrivè*...

2.4.2. Abreviaturas

1. Aínda que as formas sen <h> remitan a formas con <h>, non debemos pensar, como logo se verá, que unhas son máis correctas cás outras.

Dun total de 14 abreviaturas, 5 non aparecen no manuscrito: *augment.*, *Conj.*, *Int.*, *pr.*, *pron.*¹ Respecto ó dicionario, engade dúas abreviaturas: *inus.* e *poét.* A primeira delas é bastante frecuente. Refírese a palabras inusitadas “*o que no está hoy en uso*”. A segunda emprégase só en tres casos: *frondía*, *ingrávido* e *niñente*.

Entre estas indicacións, Valladares inclúe dous signos exclusivos: ~ (medio arco coa concavidade cara arriba) e ` (til grave). O primeiro deles significa “Signo manifestativo de palabra gallega, o castellana según se pronuncie la letra que le lleve”. Poden ser dúas, o <j> e o <g>², que se pronunciarán, en galego, como fricativas postalveolares xordas.

1. A utilización de maiúscula ou minúscula nas abreviaturas ten a súa razón de ser na lista do propio autor.

2. A propósito disto, J. L. Pensado (1976) estaba errado cando dicía: “Tanto Cuveiro como Valladares inventan un signo especial cada uno para representar la fricativa prepalatal sorda gallega (Cuveiro con G o J con un acento circunflejo sobrepuesto, y Valladares con un arco de círculo con la concavidad hacia arriba también sobrepuesto a dichas letras) pero hay abundantes casos en que éste no aparece y entre ellos se cuentan los de gipar y giparse. No parece viable que se pronunciasen con J- (fricativa velar sorda) ni con GUI- (fricativa velar sonora), aunque de ambas pronunciaciones actualmente da cuenta Crespo Pozo”.

O segundo signo é o “Acento de izquierda a derecha, indicativo de que es abierta la vocal sobre que descansa”. Verase ó falar da acentuación, no capítulo da ortografía.

As abreviaturas máis frecuentes son:

ant. “Voz anticuada en diccionarios castellanos”. É importante destacar que fala dos diccionarios casteláns, non dos galegos. Hai algunhas palabras en galego que tamén tiveron circulación no castelán, pero deixaron de utilizarse. Isto levou ós lexicógrafos do XIX a consideraren o galego como unha especie do castelán arcaico. Algunhas destas palabras aparecen aínda hoxe no *Diccionario da Real Academia Española*¹ como palabras antigas (*alfamar, sobrazar...*).

com. “Voz común, que lo mismo significa, lo mismo se escribe o pronuncia en gallego que en castellano”. Este é o outro caso, ademais de ģ ĵ², no que Valladares insire no seu diccionario palabras coincidentes co castelán. É un dos poucos autores da época que fai isto. Desde o diccionario de F. X. Rodríguez publicado por A. de la Iglesia no 1863, (“Es de saber que no

1. A partir de agora DRAE.

2. Nos casos nos que aparece este símbolo non pon a abreviatura *com.* pois sería redundante:

ǰácara, ǰáspe...

incluyo en este diccionario, las voces comunes á gallegos y castellanos, sinó las puramente gallegas”) tódolos diccionarios eliminan sistematicamente as voces comúns. Cuveiro só introduce “algunos términos castellanos, especialmente en plantas ó flores”. É importante sinalar este feito, xa que é unha inexactitude frecuente dos estudos lexicográficos crer que todos estes diccionarios rexeitaron o castelán En palabras de J. L. Pensado (1988): “Ya hemos dicho en otras ocasiones que los diccionarios gallegos, hasta fecha muy reciente no han estado escritos más que en función del castellano; y que el principio de la Introducción de Rodríguez: ‘no incluyo en este diccionario las voces comunes a gallegos y castellanos, sino las puramente gallegas’ (Pág. X) se respecta escrupulosamente en J. Cuveiro y en Valladares”.

com. fam. “Voz común familiar”. Algúns exemplos son *pifar* e *pillada*... Alude soamente a palabras coincidentes co castelán, e non a palabras galegas, quizais debido á dependencia dos diccionarios casteláns.

inus. “Voz inusitada o que no está hoy en uso”. Baixo esta abreviatura inclúense palabras medievais, que caracterizan este suplemento fronte ó diccionario publicado. Valladares acode, abraiado, a documentos medievais que descoñecía anteriormente¹.

Diminut. “Diminutivo”. Non é demasiado frecuente, e a maioría das veces pouco comprensible a inclusión destes lemas. Verase no capítulo dedicado ás entradas especiais.

Queda, por último, *V.* “Véase”, que remite a unha palabra definida anteriormente. Cando a palabra á que remite non está no dicionario senón nun dos apéndices posteriores, o mesmo autor o indica con “en este suplemento, en el libro manuscrito” ou mesmo especificando en que apéndice do manuscrito: “despues de la lista de voces manuscritas...” Moitas entradas caracterízanse unicamente por remitir a outras do dicionario impreso (*alcagotar. V. alcayotar, losqueada. V. labazada*); ou facer unha “Adición” a aquel (*mendo. “Adición. Remiendo = Pez”*). De aquí derivábase tamén a gran cantidade de variantes dunha mesma palabra.

2.5. Fontes do léxico

As fontes do léxico do *Nuevo Suplemento...* son diversas, tanto na orixe, coma no xeito de recollida das mesmas, e quizais como a fonte máis importante haxa que sinala-la fala viva. Esta foi a orixe dos refráns, das cantigas populares e doutras palabras que “dice la vulgaridad”.

2.5.1. Fontes persoais

1. Así e todo, a súa utilización non é moi sistemática: *curmáo* aparece cualificada de *inus*. fronte a *curmán*, *curmau*, *cormán* e *cormao*.

Son fontes persoais aquelas “debidas a la amabilidad del señor S. Manuel Leiras Pulpeiro, y ... a la de los señores D. Amador Montenegro e D. Manuel Pardo Becerra”. Pretender identifica-la totalidade dos termos que pertencen a un ou a outro autor sería labor imposible. Pero quizais se poidan distinguir algúns exemplos.

No caso de Leiras realizouse a busca no vocabulario que enviou á Real Academia e en *Cantares Gallegos*. Cómpre recordar que este autor e Valladares tiveron relación epistolar, como di Alonso Montero¹, “... sobre temas lingüísticos”. As palabras que coinciden nos dous manuscritos son moitas, pero non todas coinciden tamén no significado ou na definición. Hai casos incuestionables: *miòquèiro* ten a mesma definición nun e noutro autor, variando só a orde das equivalencias, *mimoso* e *melindroso*, e ademais non aparece nos dous dicionarios anteriores ó de Valladares. Así mesmo, *morzóa* e *bèiril* teñen a mesma equivalencia nos dous autores e logo unha explicación. En *papado* e *rechozo*, Valladares colle só unha parte das equivalencias que dá Leiras.

1. *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía Completa*. Alonso Montero, X. (Ed.), Santiago de Compostela, Edicións Salvora, 1983.

Tamén se acudiu á propia obra literaria de Leiras Pulpeiro, concretamente á edición feita no 1970 por Franco Grande, na que o editor fixo un vocabulario “de termos por il inxeridos nos seus libros”...¹ Neste cotexo detectáronse varias palabras cunha característica común: o que Leiras ten con <n>, Valladares escribeo con <u>: *adelonciña/adelouciña, esgonzar/esgouzar, narnexar/naruejar*. Quizais a explicación haxa que buscala nunha mala lectura da grafía de Leiras².

En canto ás 30 palabras que lle cederon Amador Montenegro e Pardo Becerra, baseouse a busca no semanario de Lugo *A Monteira*, cando ámbolos autores tiñan un punto de conexión. Detectouse unha restrita de palabras que coinciden na forma e no significado coas que ofrece Valladares no seu dicionario (algunhas tamén con Leiras): *rincullo, deslinquir, taravèla*, e outras que son propias do galego oriental (*aturular, rial*).

2.5.2. Fontes literarias

1. *M. Leiras Pulpeiro, obra completa*. Estudo crítico de X. L. Franco Grande. Fundación Penzol, Vigo, Editorial Galaxia, 1970.

2. Persoalmente, comprobei cómo a grafía de Leiras do <n> é moi semellante a un <u>.

Só en dous casos don Marcial cita a obra da que sacou os exemplos: *laròtas* no *Catecismo do Labrego e colíga* “en el canto primero del poema *Andeiro*¹”. No resto dos casos indica unicamente o autor. Xeralmente, pódese deduci-la obra a partir do ano de publicación. Por exemplo Noriega Varela publicou varias obras, pero só unha antes da data coa que asina Valladares o manuscrito, 1896; neste caso, mesmo antes da morte do lexicógrafo (1902). Esta obra é *De ruada* do ano 1895. Polo tanto *èngoas*, *estèla* e *degrèsár* poden ser palabras tomadas da mesma. Pode ocorrer que, aínda que non haxa ningunha obra publicada do autor en cuestión, este colaborara coa prensa local ou rexional, da que Valladares puido saca-los exemplos. Así, Valcarce Ocampo non ten editada ningunha obra en galego, pero si colaboracións en diversas revistas rexionais. Do mesmo xeito, R. Pesqueira Crespo colabora fundamentalmente no *Tío Marcos da Portela*. Outros autores teñen toda a súa produción anterior á finalización dos dous manuscritos, polo que é imposible saber cal é a obra orixe da cita (García Ferreiro: *Volvoretas*, 1887, *Chorimas*, 1890, *Follas de papel*, 1892, *Leenda de gloria*, 1891; ou Pérez Ballesteros que publica toda a súa obra en galego antes do 1900).

1. Véxase a nota 13.

Outras veces localizáronse esas citas literarias coa axuda dos datos almacenados na Base de datos para un diccionario galego: *jogorales* en *O Dolmén de Dombate*¹; *suripanta* en *Balsamo de Fierabrás* de Labarta Pose (1889); *retesías* e *laròtas* no *Catecismo do Labrego* de Lamas Carvajal; *cánimas* en *Gallegadas* (1887), do mesmo autor; *flabèrca* e *sumicio* en dúas obras de Alberto García Ferreiro, *Leenda de Groria* (1891) e *Chorimas* (1890), *batòcas* de *Follas de papel* (1892), do mesmo García Ferreiro²; *esquíu* en *Aires da miña terra* (1886) de Curros Enríquez, etc.

2.5.3. Fontes medievais

1. Nas *Poesías Inéditas* de Pondal, nunha edición feita en 1935 pola RAG. Realmente “O Dolmen de Dombate” apareceu publicado como folleto independente, igual que “A Campana d’Anllóns” en 1895, é dicir, non era unha poesía inédita, cando Valladares a leu.

2. O exemplo citado por Valladares non aparece en ningunha das outras obras do autor.

Como se comprobou ó describi-lo último apéndice *Más voces*, estas proceden sobre todo da revista *Galicia Histórica* e máis ca nada da súa *Colección Diplomática*. Pero tamén no resto do manuscrito hai outras palabras que son manifestamente medievais aínda que non se coñeza a orixe¹. Non puido ser a *Colección Diplomática*, xa que esta comezou a publicarse no 1901.

2.5.4. Frei Martín Sarmiento e J. Cuveiro

A importancia destes dous nomes reside no feito de tratarse de fontes do manuscrito, pero non do dicionario. No caso de Sarmiento é improbable que Valladares non coñecese antes a súa obra, aínda que non tivese acceso directo ós manuscritos. Os dous dicionaristas anteriores a Valladares² confesan nos prólogos das súas obras que acudiron a este autor para aumenta-lo número de palabras recollidas³. No manuscrito rexístranse seis lemas aboados de Sarmiento e outros que, aínda tendo a súa orixe en Sarmiento, Valladares recolle a través doutros medios (fundamentalmente Cuveiro).

1. Por exemplo en *fillar* fala dun documento antigo sen especificar máis.

2. F. X. Rodríguez e J. Cuveiro.

Das palabras tiradas de Sarmiento só unha delas (*mouquelo*, da copla 531) se rexistra nos dous dicionarios anteriores, pero só no manuscrito se recolle co significado que ten nas coplas¹. Ademais desta temos: *louzo*, *discante*, *guèrlas*, *fièstra* e *sargoso*, que corresponden respectivamente ás coplas 1081, 717, 434, 599 e 578. Intentouse pescudar exactamente de qué manuscrito ou edición tomou Valladares os exemplos, pero detectáronse lecturas diferentes en todos eles.

3. Así F. J. Rodríguez di “...y otras pocas que saqué de las referidas coplas que por fortuna he leído...”. E Cuveiro, entre os “autores y obras que se han consultado para la confección de este Dicionario” sinala a Fr. Martín Sarmiento, e deste “varias obras, incluso la inédita manuscrita que existe en la Biblioteca Nacional de Madrid”.

1. “Especie de bonete o sombrerillo”.

As únicas edicións das coplas, anteriores á morte de Valladares son a de Pintos, *Recolección de muchas palabras, voces y frases gallegas*, publicada en Pontevedra en 1859, e outra titulada *Coloquio de los 24 rústicos*, editada en Lugo en 1899. Esta última é demasiado tardía, para ser base do manuscrito rematado en torno ó 1896. En canto á edición de J. M. Pintos, as diferencias impiden pensar que esta fose a fonte de Valladares. Por exemplo, na copla 531, a mesma palabra que Valladares está exemplificando non coincide, ***moqueiros//mouque-los***:

“Na cabeza tiñan	“N’a cabeza tiñan
huns como moqueiros	uns como mouquelos,
con muitos bidriños	con muitos vidriños,
seic’que eran espellos!” (Pintos)	sèic’eran espellos. (Valladares)

Quedan outras alternativas como fonte das citas: os manuscritos existentes das coplas. Son tres:

-Manuscrito da Biblioteca Nacional de Madrid, 1789, feito por Pedro Francisco Dávila, (o que fora consultado por Cuveiro)

-Manuscrito, propiedade da familia de Jose María Folgueira Díaz, datado no ano 1771, feita por Juan Alvarez Bañales.

-Manuscrito do Museo de Pontevedra, que contén 107 coplas máis das que non parece Sarmiento o autor.

Se se comprobán as seis coplas que ofrece Valladares como exemplos, todas teñen pequenas diferencias coas de tódolos manuscritos (segundo a edición de R. Mariño¹). Algunha delas tan notable coma a da copla 1081, que di en tódolos manuscritos coñecidos *fostrigarche* onde Valladares pon *lostregarche*. Para comprobar se se trataba dun erro de lectura examinouse unha copia en microformas do manuscrito existente na Biblioteca Nacional de Madrid, atendendo sobre todo a dificultade da lectura. Sen embargo, trátase dun texto cunha letra moi clara. Queda por comprobala lectura do manuscrito do Museo de Pontevedra nin o de J. Álvarez Bañales, que serían as últimas posibilidades.

1. *Fr. Martín Sarmiento. Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Ed. de Ramón Mariño. Consello da Cultura Galega. Obradoiro Gráfico. Mos. 1995.

En canto a Cuveiro, aparecen unha serie de palabras que obrigan a considera-la súa obra lexicográfica como fonte do manuscrito. No prólogo do dicionario de 1884, Valladares dicía: “Ilegó ocho años despues a nuestras manos, ó sea en 1876, el dicionario del señor Cuveiro Piñol, obra de que no teníamos el menor conocimiento: ojeámosla con ansiedad, vimos al lado de porción de voces inusitadas, algunas usuales no comprendidas en la nuestra; animámonos con esto a trabajar de nuevo en ellas y, (...) copiamos de las en uso unas doscientas...” Ó tempo de elabora-lo novo suplemento Valladares tivo moito máis en conta o dicionario de Cuveiro, ben porque tivo máis tempo, ben porque lle daba menos importancia ó feito de seren voces inusitadas. O caso é que moitas palabras que antes non recollera si o fai agora.

A partir do estudio de J. L. Pensado *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega*, realizouse un cotexo das entradas do manuscrito de Valladares coas de dicionarios anteriores. Varias das palabras que recolle Valladares no manuscrito, aparecen case exactamente en Cuveiro, remitindo a Sarmiento: *joubío*, *remagarido*, *pantèrno*, *gipar*, *guipar*, *escarrapucharse...*

Todas estas palabras teñen en común tres cousas:

- a súa orixe primeira está nas *Coplas* de Sarmiento, aínda que Valladares nunca o cita,
- aparecen nos dicionarios de F. X. Rodríguez e no de Cuveiro,

-Valladares non as recolle no Dicionario impreso, pero si o fai no manuscrito e sempre co significado que teñen nas coplas.

En *joubio*, xunto con Cuveiro e fronte a Rodríguez engade dúas acepcións novas, e os dous cambian <v> por . *Remagarido* vén do Cuveiro, cos mesmos sinónimos que aparecían en Rodríguez, pero ó revés, “triste, apesadumbrado”.

Outras veces, as palabras do manuscrito son moi semellantes a outras que rexistrara no dicionario (tanto na definición como na forma), pero non remiten a aquelas. *Pantèrno*, presenta tres variantes no dicionario, posiblemente copiadas de F. J. Rodríguez, xa que nas dúas obras aparece co mesmo significado. Aparece tamén en Cuveiro, con certos retoques, e con outra acepción: “cierto armadijo para coger pájaros”. No manuscrito aparece a definición correcta, segundo o contexto no que aparece nas coplas de Sarmiento¹.

Giparse do dicionario, remite coma o seu antecesor Rodríguez a *escorregarse*. Logo aparece no manuscrito con dúas variantes *gipar* e *guipar*, co significado que lle daba Cuveiro “divisar, descubrir”, que é o que ten en Sarmiento.

1. Neste caso, non se pode descarta-la posibilidade de que sexa unha forma viva, tendo en conta a descrición tan pomenorizada que fai Valladares.

Escarrapucharse hai que póla en relación con *escarapucharse* do dicionario. As dúas presentan a mesma definición e, coma nos casos anteriores, non hai remisións entre elas. *Escarapucharse* procede de Rodríguez no Cuveiro e no Valladares, e é o resultado dun erro de A. de la Iglesia que pon un <r> en vez de dous que ten o orixinal.

Un caso aínda máis destacable constitúeo a palabra *urro* que aparece no dicionario como “bramido de elefante”, significado que tamén lle dan Rodríguez e Cuveiro. Sen embargo no manuscrito rexístrase o termo como adición ó do dicionario co significado exacto co que aparecía nas *Coplas* de Sarmiento: “especie de ave nocturna”, e que ningún dicionario anterior nin posterior (exceptuando os máis actuais) soubo darlle.

Á vista do dito xorden varias dúbidas: ¿Por que engade novas acepcións a *giparse* e a *pantèrno*? ¿Por que recolle agora *joubío* ou *remarigado*? ¿Como chegou Valladares á forma *escarrapucharse* que aparece nas *Coplas*? ¿É posible que consultase o manuscrito do dicionario de Rodríguez? ¿De onde sacou Valladares o significado correcto de *urro*? ¿Consultou algún manuscrito da obra de Sarmiento?

3. Macroestructura do suplemento

O manuscrito é un complemento ó dicionario impreso. Por iso, coa finalidade de mante-la súa organización utiliza as mesmas grafías, símbolos, estrutura, ortografía... E o seu contido está en función do que previamente aparecía no dicionario: unhas veces agréganse novos lemas ou novas variantes dunha palabra; con frecuencia, incorpora novas acepcións, e non faltan casos en que se corríxen certas definicións ou lemas que aparecían no dicionario.

3.1. Lemas compostos

Os lemas compostos presentan, aínda hoxe, grandes problemas para os dicionaristas actuais. Non hai regras para o tratamento destas formas, ou se hai regras non hai criterios uniformes¹. En Valladares abundan os lemas compostos que ou ben aparecen como entradas á parte ou ben van incluídas na definición dunha das palabras que os forman. Os que teñen entrada propia (que forman parte da macroestrutura do dicionario) son os máis frecuentes e preséntanse de diversas maneiras:

1. En palabras de M. Alvar (1993) “El autor del dicionario será quien decida la presencia, o no, de los modismos, frases y locuciones, conforme, repito, a súa grado de lexicalización (determinado subjetivamente por el lexicógrafo), y a súa complejidad sintáctica (es más fácil incluir en un dicionario las estructuras más simples, que son a súa vez las que ofrecen mayores posibilidades de lexicalización)”.

-con guión (*ale-mar, co-debera...*)

-ordenados polo verbo ou substantivo, trastocando a orde lóxica (*ampòsta (d'esta), estadúllo (ter pouco ou moito), abertal (tarréo)...*)

-ordenados pola primeira palabra sexa cal sexa: *regala-l-os ollos, vá por Dios*. Entre estes inclúense os nomes de santos: *San Júrgio, San Fies....*

Outras veces, poucas neste novo suplemento, estes sintagmas forman parte da micro-estructura do dicionario. Así dentro da entrada *lèrio*, e despois das tres acepcións que ten, rexístranse as expresións: *estar n'o lerio* e *entende-l-o lerio*, cada unha definida por separado. Igualmente en *resume = (en)*, e en *repuntar (o vento)*, etc.

¿Como se pode explicar esta incongruencia na presentación? ¿Que diferenza hai entre *ronronar (as tripas)* e *revesino (corta-l-o)* para que nuns casos se ordenen polo verbo e noutros polo substantivo? ¿Por que a diferenza que vemos entre as entradas *desembogadar* e *embogadar (marañas)*? Posiblemente Valladares, coma tódolos lexicógrafos do XIX, non lle dese a importancia que se lle dá actualmente a este tema.

3.2. Entradas. Tipos especiais.

A redución do paradigma de calquera palabra faise por convención a unha forma, o lema, representante de tódalas variantes desa palabra. Sen embargo, esta regra rómpese a miúdo na lexicografía do século pasado. Tamén a rompe Valladares no manuscrito ofrecendo exemplos de antropónimos, femininos, plurais, diminutivos...

En canto ós antropónimos, Valladares presenta non só nomes de persoas senón tamén apelidos: *Áres e Árias, Buján, Vilar...* A súa inclusión pode estar motivada por tratarse de formas non coincidentes co castelán (moitos deles formas recuperadas da Idade Media¹): *Giral, Afón, Lòis*, ou por ser variantes fonéticas dunha forma máis común: *Lionòr, Mília, Bartelemèu...* Rexístrase un único caso dun topónimo (*Támere*), e varios nomes de santos.

A maioría dos diminutivos que aparecen non están lexicalizados: *dondiño, òviño, codiña...* Nalgúns casos xustifícase a súa presenza polo afecto que representa: *arrepouliño, mèijòliña, riquiño...*²

1. Así, por exemplo *Beringuèla e Padèrna* localízanse na *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, nas páxinas 270 e 227, respectivamente.

2. Un bo exemplo desta inclusión de diminutivos é o xogo que Valladares fai entre *pinga, pingòla, pingòta, pingòliña e pingòtiña*.

Son numerosas as entradas que aparecen en plural. Algunhas delas son xustificables coma aquelas que se refiren a obxectos que van por parellas (*cartèles, coucillóns...*) ou as que se empregan maioritariamente en plural (*gálas, barredallas...*). Tamén hai casos de formas non marcadas en plural (*ciumes*). Algún outro lema parece estar en plural porque así o recolle Valladares da literatura do momento (*apardeceres e laròtas*).

En canto ós femininos, rexístranse, ás veces, ó lado do seu masculino: *imaculada, imaculado*. Igual que ocorría nos plurais, temos remisións dun masculino a un feminino: *gabito, galistro*.

Aparecen aínda outros lemas non propios da macroestrutura dun diccionario como *pròugo, ena, eno, nóllos, nónos..*

3.3. Termos coincidentes co castelán.

En teoría, se se falase dun dicionario galego actual, a inclusión de voces comúns ó castelán e ó galego non merecería ningunha explicación. Sen embargo, tendo en conta o contexto no que se realiza este manuscrito, a inclusión destes termos é unha característica propia do autor. Valladares é un dos poucos lexicógrafos, xunto con Pintos¹ e Sarmiento, que acepta palabras coincidentes co castelán, a diferenza da lexicografía posterior e mesmo da inmediatamente anterior. Hai unha boa morea delas: 176 (*com.* ou *com. fam*) + 46 casos de ģ ou ĵ. Moitas coinciden na forma e no significado.

Ás veces comete desacertos como crer galega unha palabra castelá (castelanismos): *pantorrilludo, esturnidar...* Outras veces considera só galega unha palabra que pertence ás dúas linguas (*tèrne, chavòla*). Noutros casos cita unha palabra castelá como sinónima dunha galega: *colúmbio. V. randea e columbiarse. V. randearse.*

1. Véxase *Vocabulario Gallego Castellano por Juan Manuel Pintos*. Edición ó coidado de Marga Neira e Suso Riveiro. Anexo de *Cadernos da Lingua* (en prensa).

Así e todo, os termos coincidentes co castelán sofren certa selección antes de entrar no manuscrito, por exemplo no terreo dos numerais das decenas (de dez a cen). No manuscrito rexístranse as formas *sasenta* e *satenta*. No diccionario impreso recolle as formas correspondentes a 20, 30, 40 e 80 pero non as de 50, 60, 70 e 90. Os catro primeiros son diferentes do castelán (por iso os recolle no diccionario) fronte ós catro segundos, que son iguais ó castelán. Só recolle 60 e 70 cando atopa unha variante galega distinta do castelán.

3.4. Remisións de lemas

Este título refírese a lemas que remiten a outros, ou para coñece-lo seu significado ou para completa-lo que xa aparecía na definición. Cómpre lembrar que a redacción do manuscrito fíxose en varios apéndices, elaborados na mesma orde da presentación. Isto traerá como consecuencia palabras que remiten a outras posteriores, por razóns de alfabetización, pero rexistradas anteriormente no tempo¹. Así *pajèl* remite a *pajèlos* que, alfabeticamente é posterior pero, sen embargo, foi rexistrada primeiro.

1. Nestes casos haberá que fixarse no número que aparece ó final de cada entrada que sitúa cada palabra no seu apéndice.

No *Nuevo Suplemento* atópanse moitos exemplos de remisións. Así *remaría*, *remería* e *romèiría* remiten a *romaje*, que aparece no dicionario impreso, pero entre elas non hai referencias. Do mesmo xeito *vejato*, *vujato*, *bujato* remiten a *bejato*.

Desde a perspectiva actual, tan preocupada polo normativismo e pola busca de regras, dá a impresión de que as palabras ás que remiten son as correctas¹: *romaje*, *bejato*, *esmolà*... Isto precisamente era o que pensaba J. L. Pensado cando, ó estudia-la palabra *garmalleira* de F. X. Rodríguez di: “También es digna de notar la primacía que le dan algunos dicc. Cuveiro, recoge *garmalleira* y remite a *gramalleira*. En cambio Valladares en *gramalleira* remite a *garmalleira*”. En realidade non hai tal primacia: *garmallèira* é a primeira palabra que se rexistra no dicionario por prelación alfabética. Ocorre o mesmo con *donicèla*, *entrecartes*, *solear*... e outras moitas.²

1. Así por exemplo, nas “Advertencias para el uso de este diccionario” do DRAE, no punto II dise explicitamente: “Cuando las variantes admitidas no pueden figurar en un mismo artículo por exigencias del orden alfabético, la preferida por la Academia es la que lleva definición directa: las aceptadas, pero no preferidas, se definen mediante referencia a aquella...”.

2. Un dato que demostra esta ausencia de normativización é o par de remisións que se dan nas palabras *agolleta* e *agulletar*. Mentres a primeira remite a *agulleta* a segunda remite a *agolletar*. Se Valladares quixese establecer unha norma remitiría sempre á mesma raíz léxica.

Así e todo, detéctanse certas incongruencias. Por exemplo, *esmòlda* non só remite a *esmòla* (primeira rexistrada xa no dicionario impreso), senón tamén a *elemòsna* que é a primeira do manuscrito. E pola contra, *elemòsna* non remite a ningunha, nin sequera á aparecida no dicionario. Noutros casos rexístranse dúas palabras coa mesma definición, pero que non remiten entre elas: *planir*. “Inus. Placer, agradar = Plañir, o llorar sollozando” // *pranguer*. “Plañir, llorar sollozando”.

O máis frecuente é que unha palabra remita a outra case igual con algunha variante fonética (*bocejar*. V. *bocezar*). Noutros casos temos sufixos distintos ou variantes dun mesmo sufixo (*quèimúra*. V. *quèimor*) ou ausencia/presencia do prefixo (*gatiñar*. V. *agatuñar*). Outras veces, quizais a maioría, ofrece palabras totalmente distintas co mesmo significado: *peja* remite a *solta*, *atume* a *baraza*, *paruèiras* a *costèlas*...

Tamén é posible que as remisións sexan correccións. Hai varios tipos:

-ortográficas: *òvèiro*-*hòvèiro*

-gramaticais: uso como C.D. ou C.I. na entrada *che*.

-semánticas: en *agra* e *punteiro*. No primeiro caso trátase dun complemento ó significado dado: “mejorando lo dicho en el Diccionario...” O segundo corríxese equivocadamente, pois o significado exacto de *punteiro* é o do diccionario impreso (“Puntero, o caña, de la gaita gallega con sus agujeros para los dedos”) e non o que agora lle dá no manuscrito (“Tubo de la gaita gallega que, metido en la boca del gaitero, lleva el aire al fuelle”) que sería o *soprete*.

Neste sistema de remisións Valladares reflicte as vacilacións vocálicas propias dunha lingua falada, e maila fluctuación ortográfica inherente a un idioma sen fixar e que practicamente non se escribe. Tamén rexistra algunhas características dialectais propias coma o seseo implosivo (*cativés, cativéz, pelèzcas, pelèscas*), e mesmo algún caso de seseo explosivo: *fousaña* (fronte a *fouzaña*).

3.5. Entradas de dous lemas

O capítulo anterior hai que pólo en paralelo co caso de entradas con dous lemas (separadas por dous puntos), por exemplo: *palacra: palacrana, mougar: moular*. Hai incluso, casos de entradas con tres lemas: *lámpaa: lámpada: lámpra*.

O significado desta presentación é o mesmo có das remisións do capítulo anterior. Estes lemas, tanto no manuscrito coma no dicionario do 1884, van xuntos, xa que por razóns da orde alfabética terían que ir un detrás do outro; deste xeito Valladares omite a repetición da mesma definición¹. Pola contra, cando a orde alfabética obriga a separar as palabras que significan o mesmo, indícase mediante a abreviatura *V*. Aínda na última edición do DRAE se admite este tipo de presentación.²

Un caso semellante a estes constitúeno os lemas con dous sufixos: -á//-ade, e -ú//-ude. En realidade trátase de dúas variantes dunha mesma palabra: *sanguinidadá: ade, inquistètu: ude*.

1. A entrada *entrecluso: entrecruso* aparecen na primeira parte do suplemento. Pola contra no *Índice alfabético de...* teñen cadansúa entrada. A razón está no apéndice número 1, no que a entrada, tamén dobre, *entrecòstas: entrecòsto*, vai xusto entre *entrecluso* e *entrecruso*.

2. No apartado de Advertencias para el uso de este diccionario, no punto II Variantes formales de una misma palabra, podemos ler: “En el encabezamiento de algunos artículos aparecen dos variantes, rara vez tres, de la palabra definida, todas ellas aceptadas en el uso culto general o con diversa repartición geográfica. En tales casos la variante que figura en primer lugar es la preferida por la Academia, sin que esta preferencia signifique rechazo de las que se consignan a continuación: (...). Cuando las variantes admitidas no puedan figurar en el mismo artículo por exigencias del orden alfabético, la preferida por la Academia es la que lleva definición directa; las aceptadas pero no preferidas, se definen mediante referencia a aquella...”.

Pode ocorrer que se dean casos de remisión entre dúas palabras que van xuntas, é dicir, cando a orde alfabética lles permitiría ir nunha mesma entrada. Nestes casos as razóns poden ser dúas:

-son palabras de distintos apéndices, por exemplo *esfaragullarse*. V. *esfrangallarse*. [4]

-ou levan unha abreviatura diferente que afecta, por separado, a cada unha delas: *estabiliscir*. inus. V. *estabrecer* // *estabrir*. ant. V. *estabrecer*

Só en dous casos, unha entrada dobre está composta por un lema simple mais unha locución: *escarramelar*: *escarramia-l-os ollos*, *mancòspia*: *mancùspia (fague-l-a)*

3.6. Ortografía

Dentro deste capítulo verase a ortografía utilizada no manuscrito, coincidente coa doutras obras do autor¹.

1. Ó final da súa vida, Valladares, buscando a coherencia total entre a ortografía e a pronuncia, propón unha reforma total do sistema ortográfico. Segundo a súa proposta nunca habería dúas grafías para un mesmo son ou dous sons para unha mesma grafía. “A última proposta ortográfica de Marcial Valladares” nas *Actas do Congreso A lingua galega: historia e actualidade*, 1996, (en preparación).

3.6.1. Acentuación

O sistema de acentuación¹ é un dos trazos máis característicos de Valladares e a súa función principal é a de sinala-la abertura das vocais, e moi secundariamente a de sinala-la tonicidade. Cómpre sinalar de antemán que Valladares non é moi sistemático á hora de pó-los acentos gráficos. Ó lado de casos con tres acentos (*mèijòlíña*), tamén é posible a ausencia total de acento (*sartego*, *veleta*, *agolleta*).

Das sete vocais galegas, dúas, as medias, teñen dous posibles acentos gráficos dependendo da abertura das mesmas: grave se é aberta, agudo se é cerrada. Só algunhas palabras levan estes acentos, (aínda que notamos que se representa máis o grave có agudo): *avecér* fronte a *asconder*, *Ailóna* fronte a *losco*. Xeralmente este acento coincide coa sílaba tónica da palabra (*adèga*, *bañòca*). Cando non é así pon dous acentos, un que indica tonicidade e un que

1. Se ben a caligrafía de Valladares non presenta ningún problema de comprensión, non se pode dici-lo mesmo dos acentos. Nesta edición manterase a acentuación de Valladares, con tódalas diverxencias que esta teña.

indica timbre vocálico: *ònipotènza, lèijaprè*... Nestes exemplos en que as dúas vocais que levan o acento gráfico son medias, non se pode distinguir cáal indica vocal tónica e cáal indica vocal aberta. Cando os acentos van sobre vocais medias e non medias, os primeiros indican abertura e os segundos tonicidade (*estròchár, garfèláda*).

En ningún momento Valladares falou da acentuación segundo a tonicidade da sílaba (aínda máis, na *Gramática* xustifica o acento de *amorillón* como indicativo de vocal aberta). Sen embargo, poden diferenciarse dúas palabras unicamente con este trazo: *carrégo//cárrego*.

As vocais máis pechadas da serie anterior e posterior só poden levar un tipo de acento, o agudo, que indica tonicidade (*collúdo, delúvio, esvaído*). Sen embargo, ó lado destas formas, temos outras con <u> e <i> tónico, que non levan acento (*penico, sucedume*). Tampouco Valladares xustificou a existencia destes acentos.

A vocal <a> pode levar dous tipos de acento: <á> e <â>. A primeira sería a vocal tónica ou a preposición, e a segunda a contracción de preposición mais artigo. Localízanse moi poucos exemplos desta regra, que en moitos outros casos non se cumpre, porque utiliza <á> tamén para a contracción. No manuscrito atópanse exemplos dos dous casos: *gèiras (andar âs)*, fronte a *alèn d'ir á vila* na voz *alèn*. Tamén a acentuación do <a> tónico é moi incoherente: *ceráme // cibaño*.

O mesmo til circunflexo da <â>, lévao o <ô> tamén “en los dativos y acusativos masculinos y neutros”. Igual ca no caso de <â>, a contracción de artigo mais preposición gráfase unhas veces con <ô> e outras con <ò>: *Ô que de vran non lle ferve....*, na entrada *mòla*, fronte a *Non vaias ò fiadèiro...* na voz *fiadèiro*.

Existe outro signo diacrítico: a dièrese sobre o <i>. Aparece en moi poucos casos e Valladares nunca explicou a súa presenza: *suiidades, fiestras...* Dáse, por outro banda, un fenómeno curioso que lles ten chamado a atención ós estudiosos: palabras medievas ás que Valladares lles pon til como se as oíse algunha vez¹ (*tangér, temoèiros*²...).

3.6.2. Representación do fonema fricativo postalveolar xordo

Refírese isto á “gran cuestión sobre el modo de escribir en gallego dichas dos sílabas; si se han de escribir con g, con j, o con x”.

1. En realidade, a maioría non levan til, e as que o levan ou ben coinciden na forma ou nun sufixo con palabras vivas que si o levan.

2. O timbre vocálico que Valladares lles dá ó sufixo -eiro, parecía, cando menos pouco corrente. Respecto a este tema Manuel Taboada, no estudio sobre a fala do Val de Verín, afirma sobre o ditongo ei: “Es uno de los diptongos que más aparece en gallego. La e se realiza siempre abierta”.

Este tema tratouno amplamente no seu artigo “*Escritura Gallega*”. En palabras súas pretende: “1ª Deshacerse de la x como el castellano se deshizo en las voces (...) o, cuando menos, jubilarla; de modo que se apele a ella en muy raros casos, tales como en las voces xastre, xostra y algunas otras, que ofrezcan dudas. 2ª Usar, en cambio, la g y la j, como hacen los portugueses (...) no obstante pronunciarlas los portugueses como nosotros los gallegos las pronunciamos (...) ¿No debemos tender a la uniformidad en la escritura de los vocablos?” No manuscrito temos exemplos desta teoría: *vejáme, tañar, coengía, cajiga, xistra...*

Cómpre sinalar que respectou a grafía doutros autores como se pode ver, na entrada *agidar*, cuns versos de M. Amor Meilan nos que rexistra *axidando*.

3.6.3. Outras cuestións ortográficas

Coa opinión que tiña sobre o fenómeno da gheada (“manera incivil de hablar”) parece normal que non recollese ningún exemplo deste fenómeno, por moi vivo que estivese.

Ó uso do apóstrofo dedicoulle un artigo: *Del apóstrofo en la escritura gallega*. No manuscrito, o apóstrofo ten uns contextos determinados de uso: nas contraccións con preposicións (*d'a pèste, d'os bois, n'o reguèiro, c'un pano...*), cos pronomes persoais átonos (*eu ll'o dirèi, non t'alijuen...*) e con que (*qu'era, qu'estou...*). Non sempre utiliza o apóstrofo coa preposición *con*, só cando o artigo é masculino: *co-as caxatas, co-a mesma tana, c'os pitos, c'o morápio....*

O emprego do guión é bastante máis sistemático: emprégase sempre para uni-la conxunción *y* (*y-as cantiguiñas, y-airada...*), na segunda forma do artigo (*amba-l-as, corteja-l-o*), e, por último, na unión de pronomes a verbos (*quero-o, fai-n-o*).

En canto á conxunción copulativa *y* emprega *y* sempre que segue vocal (*y-estudiante, y-o Froilán*), e *e* cando segue *i* ou consoantes (*e inda, e soás*).

3.7. Características da lingua

Como consecuencia das lamentables condicións nas que a lingua galega sobreviviu desde finais do século XIV, o estado de deturpación, a finais do século XIX, é facilmente constatable. No caso do presente manuscrito quizais se note máis a variabilidade da lingua, porque, en gran parte, está baseado na oralidade. A propia dinámica da lingua oral é un dos mecanismos que máis contribúen á variación lingüística, sobre todo cando o factor que mellor

reforza a fixación e a uniformidade da lingua, a escritura, practicamente non existe. O rexurdimento comezara había xa uns anos, pero, é un rexurdimento de elite, que non chega ó pobo común. A xente que fala galego é precisamente a capa máis baixa da sociedade. Isto explica fluctuacións nunha mesma palabra (*dipindurar/dependurar*) e todo tipo de deformacións como *tenëfano, mánica...*

As principais características fonéticas do galego reflectido por Valladares son as seguintes:

-vacilacións vocálicas na posición átona producidas por fenómenos como a asimilación, disimilación, labialización ou harmonización: *viciñal, desemular, iñidir...*

-aparición de fenómenos vocálicos de apoio de consoantes en posición inicial e medial de palabra, concretamente prótese e epéntese: *arreventar, arrandear, mítira...* Non rexistra ningún exemplo de paragoxes, quizais porque neste caso, Valladares si o considerou un mecanismo vulgar.

-son frecuentes os casos de supresión de vocais, sobre todo mediante síncopa, e algúns casos de aférese: *intriór, inutilizar, fazlitar*, etc. Nalgúns casos, admite as dúas formas no dicionario (*lácara, lacra*).

En canto ó consonantismo, destaca sobre todo o tratamento dos grupos consonánticos cultos, con vocalización (*máisime, respeutive, òustáclo...*) ou con simplificación do primeiro elemento (*imenso, istár, vòlutòso...*). Tamén se dan casos de conservación, en cantidade moi inferior: *instructo, enmentar...*

Rexístrase outro tipo de vacilacións consonánticas, as producidas entre fonemas líquidos (*funerálias, funerárias*). Esta alternancia obsérvase, sobre todo, cando os fonemas líquidos van acompañadas dos oclusivos /p/, /b/, /k/ ou da fricativa /f/:

-grupo bl/br: *ensamble, ensambre, restabrecer, establecer...*

-grupo pl/pr: *pracer, placentería, trasprantar, planir...*

-grupo cl/cr: *òustáclo, òustácro, recleazón, incruir...*

Outras veces danse ultracorreccións das formas propiamente galegas: *pòbléza, recleazón* teñen un <l> que non existe no latín. É frecuente a metátese destes fonemas líquidos: *esquirbir, òfercér, porparo...*

Ó lado de todas estas simplificacións e reducións, propias da lingua falada ofrécense tres mostras dun aparentado cultismo: *sciència, cabsa, vibda*. Así mesmo, en tres casos pérdese estrañamente unha consoante intervocálica que nunca cae: *lau, estáu e fáula* por *lado, estado e fábula*.

4. Microestructura do suplemento

Dentro de cada definición amósanse unha serie de puntos que forman parte da microestructura dun dicionario. Neste caso, coma nos dicionarios do século pasado e de principios deste, non son sistemáticos.

4.1. A definición

Un dato fundamental á hora de estudia-la definición é o feito de estar ante un dicionario bilingüe non convencional. Trátase dunha forma híbrida. Un dicionario bilingüe dá unha equivalencia, e ás veces, varios sinónimos. Valladares, ademais disto, engade unha perífrase descritiva, coma nun dicionario normal.

Unha das cousas que máis chama a atención é o caso de palabras das que o autor non sabe o significado. Nuns casos non o dá ou pono entre interrogantes, como ocorre moitas veces no apéndice final: *escoléta*, *enlizo*, *constringer*. E outras veces invéntao. É o caso de *huxón*, no que textualmente di “echándonos a discurrir”. Nalgúñas ocasións trata de deducilo. E noutros, confesa sincera e simplemente, que non foi capaz de sabelo: *gazapita*. “Voz aplicada a no sabemos que hierba, por más que tratamos de averiguarlo”. Hai unha voz que lle causou grandes problemas: *chumbèira* e que aparece citada en varias definicións.

Algunhas definicións son certamente inxenuas: *tenèfano*. “(...) una cosa parecida al telegrafo con la diferencia de que el teléfono trasmite y reproduce el lenguaje humano y el telegrafo no”¹; e *òso-molar*. “Cartílago, ternilla, o parte de animal más dura que carne y más blanda que hueso”. Desde a perspectiva actual tamén destaca a definición de *leutricidá:ade*, sen embargo está feita a partir da definición do DRAE.

1. Esta palabra designa un concepto moi novo: o teléfono foi inventado no ano 1888.

Outra definición que se sae do corrente no manuscrito é a de *rèiseñór de paredes*, tanto polo seu tamaño, como pola súa redacción case literaria. Por outra banda, algúns dos lemas que se definen son propios dunha enciclopedia, pero non dun diccionario: *lupa* na segunda acepción (“Señora poderosa y principal, a quien en Galicia, se presentaron los discípulos del Santo Apóstol Santiago”).

A miúdo Valladares ofrece datos innecesarios para unha definición lexicográfica, que fan esta máis subxectiva pero máis completa: *papallóns*: *papallós*. “[...] y comen luego con tenedorcillos de helecho generalmente”; *jarga*: “[...] Tienen varias y les sirven para cubrir los odres, o pellejos de vino que llevan en sus caballerías”; ou *jargón*: “[...] Hoy se van generalizando ya los metálicos o de muelles”.

O elemento máis frecuente da definición é, sen dúbida, a equivalencia en castelán, aínda que é moi raro que apareza ela soa (*trabadura*. “Mordedura”). Frecuentemente, vén acompañada esta equivalencia de varios sinónimos (*albendar*. “Alentar, reanimar, confortar, fortalecer”). A miúdo non se remata a seriación, deixando a porta aberta a un número maior de sinónimos, mediante o símbolo &. Son posibles ata sete sinónimos nunha mesma palabra: *suripanta* (*mullèr*). “Mujer salerosa, donairosa, que tiene mucha sandunga, sal o salero, aire, gracia, garbo, donaire &”.

Moitas veces ó lado da equivalencia e dun ou máis sinónimos da mesma, dáse aínda unha explicación, que sería suficiente para defini-la palabra (*zahumèrio*). Son poucos os casos nos que aparece a explicación soa. As razóns poden ser que non existe unha tradución exacta ó castelán (*frièiras, monÉio*); ou que son casos comúns co castelán, nos que o lema sería tamén a equivalencia (*pantorrilludo, forzúdo*).

Por último, son frecuentes estratexias de definición coma “especie de”, “se dice de”, “variedad de”, “frase equivalente a”, “se aplica a”... (*soguèirón, sègrèles, ñáñara*)...

4.2. Información gramatical

É o único elemento do artigo lexicográfico sistematicamente excluído. Así e todo, hai outros medios que ofrecen información gramatical, por exemplo a propia equivalencia. *Macar* ten como primeira acepción “magüer¹, aunque”. Se en castelan estas dúas palabras son conxuncións, *macar* en galego tamén é unha conxunción. Tamén a separación de lemas ofrece información gramatical coma nos verbos pronominais (*restabrecer e restabrecerse*).

1. Hoxe en día o DRAE ten como forma correcta *maguer*, pero as edicións contemporáneas a Valladares teñen *magüer*.

4.3. Información xeográfica

Nalguns casos, e de forma bastante superficial, Valladares ofrece información dos lugares onde se utiliza determinada palabra. Son informacións pouco concretadas, as máis frecuentes referidas á provincia de Ourense (*aureáns, mojega*), e á de Lugo (*fornèla, tallo*). Os casos máis circunscritos xeograficamente son tres: *Rivero, Couto de Palavea, e nuestra parroquia de San Vicente de Berres*.

O máis frecuente é que simplemente indique que é unha palabra localizada “en algunas partes”, é dicir, que non é de uso xeral en Galicia (*cabras cègas, maráños*) ou que contrapoña o distinto significado dunha mesma palabra en zonas distintas (*cajiga, cuartal*).

Mesmo é posible que as indicacións xeográficas (sobre o elemento definido) se localicen fóra de Galicia: *zougazo* “(...) también crece hacia la parte oriental del mismo país, Asturias y Cataluña” ou *aciñeira* “(...) abundante en el partido judicial de Aracena, provincia de Huelva”.

4.4. Información científica

Os nomes científicos aparecen unicamente en once entradas. De conformidade coa norma internacional, Valladares ofrece o xénero en maiúscula e a especie en minúscula: *Chrysomela polita*, *Sphacelia segetum*, *Parus major*...

Xeralmente, na entrada dunha planta ou dun animal, a definición irá precedida polo nome científico, logo o xénero e a orde se é pertinente, segue coa descrición física e logo continúa cos seus hábitos de vida. Ás veces, engade algún dato anecdótico: *hèrba d'o cán* “[...] y que sirve, dicen, para hacer abortar a las mujeres”. Son poucas as descrições científicas ó modo das que fixera no dicionario impreso¹.

4.5. Información etimolóxica

Onde máis se nota a asimetría das definicións deste *Suplemento* quizais sexa na aparición ou non da etimoloxía da palabra. Aparece en moi poucas ocasións. Algunhas son froito da imaxinación de Valladares: *huxón* e *ladroar* son dous bos exemplos. En *ladroar* di: “significación dada por una pobre aldeana de la provincia de Orense y la mayoría, acaso, de nuestros

1. Lémbrese que no dicionario impreso figuraba como apéndice un “Vocabulario para entender la descripción de algunas plantas, de que se hace mérito en este dicionario, y aun para clasificar otras”.

labradores, a la frase “la droite”, que no entendía y los militares franceses usaban en los actos de ejercicio cuando la invasión de 1808 en Galicia; significación o traducción libre de aquella mujer que vino a introducir en el gallego dialecto esa voz nueva, digna de agregarse a las de ladra, ladroeira, ladroízo &, ya conocidas”. Mesmo parece difícil crer que un home coma Valladares, que se ben non ten formación lingüística profunda, si demostra unha grande agudeza no tratamento deste tema, crera o razoamento que expón¹.

Rexístranse etimoloxías correctas: *sartana*, *còceres*, que deriva respectivamente de *sartago* e *culcita* ou *culcitra*². A etimoloxía de *peenla* e *sòcha* está sacada do francés, pola semellanza entre as palabras dunha e doutra lingua (na forma e no significado): *socha-souche*, *peenla-poêle*.

1. Toda a definición desta palabra rompe coa tónica do dicionario, ó estar dominada por un sub-ectivismo e por consideracións alleas á definición mesma, (*pobre aldeana, aquela mujer; gallego dialecto, digna de...*) que tanto rexeita a lexicografía.

2. A etimoloxía desta última palabra, *coceres*, constitúe unha mostra clara da asimetría que se mencionaba: a voz *cóceres* (rexistrada no último apéndice) remite a *cocèdra*, a primeira en ser rexistrada. Sen embargo é en *cóceres* onde dá a etimoloxía e non en *cocèdra*. ¿Por que? Porque a etimoloxía é un dato suplementario e ocasional.

Outros lemas con etimoloxía son: *reclazón*, *cubillèiro*, *ingrívido*, *setas*, e *jaméte*. En canto á primeira palabra Valladares relaciónaa con *recl*, que define exactamente igual á Academia. Sen embargo a etimoloxía que dá Valladares non está no DRAE. Non se sabe, polo tanto cal é a súa fonte, que non debía estar moi desorientada cando no DRAE actual se relaciona *recre* ou *recl* con *recreo*¹. No caso de *cubillèiro* dá como orixe a forma latina *cubicularius*, que segundo as leis fonéticas ben podería se-la súa orixe. Do mesmo xeito deriva *ingrívido* de *ingravidus*. Deriva *jaméte* do latín *examitus*, aínda que en realidade procede do grego ἔξιμιτος.

4.6. Información antropolóxica

As informacións antropolóxicas son variadas, desde lendas como as que aparecen nas entradas: *abufete* (“días aciagos, como cree la vulgaridad que son los martes y los viernes”), *hèrba cabrèira*, (“su virtud, según ellos, es dar al que la posea mucha suerte en sus negocios”)..., relacionadas con seres ou actos fantásticos, ata usos (e recomendacións de uso) en *pèdra d’as sèns* (“úsase frotando ligeramente las sienes con ella en lo más agudo del dolor”), en *pèdra pómes*, e destaca a de *pèdra lípes*²: “Lo más recomendable al intento, según el abate

1. Corominas, pola súa parte, asegura que que non hai relación ngunha entre as dúas palabras.

Rozier, es la lejía de agua de estiercol avivada con cal”. Tamén son moi frecuentes descrições de costumes galegos (*manguèla, soguèirón*), ás veces, como datos suplementarios para ampliar información sobre a palabra (*aganipar, agra*). Son habituais lemas que designan instrumentos propios da vida e do home galego: *peséte, farnèiro, engertas*... Tamén fai referencia a cousas ou expresións que están de *moda* ou son propias daquel momento: *riquiño, era (eso ja), couteláns*...

4.7. Exemplos

En xeral, aparecen os exemplos nas palabras diferentes do castelán, é dicir, aquelas que poden ofrecer máis problemas de uso. Algunhas exemplificacións non están ben feitas. Así *atardecer*, definido como un verbo, exemplifíxase como substantivo cuns versos de A. G. Ferreiro: *sombras d'o atardecer n'a maxestosa frente*. No caso de *furnir*, o exemplo está posto en

2. Outro dos libros que se localizan no escritorio da casa de Vilancosta foi o *Nuevo Diccionario de agricultura teórica-práctica y económica y de medicina doméstica y veterinaria del Abate Rozier*, Madrid, Boix Editor, 1842.

castelán (ata tal punto decae a atención do autor, no apéndice): “Hacer y furnir un cerco con que andar a la pesca de la sardina”. No caso de *temoèiros* exemplifica a palabra cun sinónimo que mencionou na definición: “Mòitas veces onde se pensa qu’hai touciños n’hai corres”. Outras veces, a ortografía dos lemas e a dos exemplos non se corresponde (*moazinos*).

É posible que o exemplo estea posto como mostra de mal uso. Así en *ingrávido* aparecen uns versos de Lois Vázquez, pero como mostra do significado erróneo: *a la que dan algunos una significación del todo opuesta, en nuestro concepto, como se infiere de los siguientes versos.*

Entre as citas non propias preséntanse citas de autores, de documentos medievais, de refráns e de cantigas populares (algunhas da súa autoría). Os refráns e as cantigas son moito do gusto de Valladares¹. Detrás deles hai, indubidablemente, unha ideoloxía determinada. Non hai exemplos contrarios á verdade, nin que atenten contra o decoro e os bos costumes como amosa esta cantiga do mesmo Valladares:

As mozas o agarradiño

1. Nalgúns casos (*atume*) danos un refrán aínda que non conteña a palabra da entrada á que corresponde.

*entonces non conocíamos;
bailábamos honestiño
e desear nos facíamos...*

Outros exemplos informan sobre costumes, crenzas e xeitos de vida e de traballo da xente do campo, coa que convivía Valladares.

4.8. Diferenciación de acepcións

É frecuente que cada lema presente máis dunha acepción. Cada unha delas pode estar formada por todos ou por algún dos elementos ata aquí citados. Así, por exemplo, cando unha abreviatura afecta só a unha das definicións do lema aparece despois do símbolo =, que é o que as separa; pero cando vai ó principio afecta a tódalas acepcións posteriores (compárese *dis-cante* e *seña*).

Primeiramente cómpre destaca-la discutible separación de acepcións que fai Valladares. As diferentes acepcións dunha mesma palabra son os diferentes significados que esta poida ter. Non obstante, a fronteira entre distintos significados e distintas expresións para un mesmo significado non está moi clara. Non sempre hai coherencia. Por exemplo, *peitoral* ten dúas acepcións ben diferenciadas: a) “Pectoral, pertenciente al pecho, útil o provechoso para

este” e b) “Insignia de los arzobispos y obispos”. Pola contra, en *pautar* temos dúas acepcións que máis ben parecen dúas definicións para un mesmo significado: “pactar = Asentar pactos, convenir dos o máis personas en un negocio...” Noutros casos o que aquí son dúas acepcións entrarían dentro dunha mesma definición: *tangedor*. “Tañedor, que tañe o toca en algún instrumento”.

Outras veces, estas acepcións só se diferencian por un pequeno matiz: *resprandor*. “Resplandor, luz muy clara del sol & = Esplendor = Brillo”. Non hai máis distinción entre algunhas destas acepcións ca entre algúns sinónimos doutras entradas, como *fofo*. “com. Blando, esponjoso, de poca consistencia”. Tamén é posible o caso contrario, que a diferencia entre os diversos sinónimos ofrecidos, sexa tanta, que obrigaría á separación en acepcións: *cad’e cando*. “Cuando se quiera, cuanto antes, ahora mismo”.

Por outra banda, e seguindo unha característica propia da lexicografía do momento, non se separan as palabras segundo a súa etimoloxía, senón segundo a súa forma. Así palabras como *nòto* presentan tres acepcións, pero en realidade trátase de tres palabras distintas, que terían que ir separadas: a) “Notorio, o sabido de todos”, (do latín *notus*, participio pasado de *noscere*, conocer); b) “Bastardo, ilegítimo” (do latín *nothus* e este do grego νόθος; c) “Viento de mediodía” (do latín *notus* e este do grego νότος. Do mesmo xeito *trastear*, *arquear*, *manchar*...

Cómpre destaca-la débeda que ten o manuscrito co DRAE tamén neste tema: moitas das separacións de acepcións coinciden exactamente co castelán, e mesmo moitas definicións (como se ven comprobando) son case idénticas: *patrujo*, *indispoñer*, *influènz*a...¹

É frecuente que Valladares omita a enumeración das distintas acepcións dunha palabra, sobre todo cando son moitas, cunha simple remisión ó castelán (aínda que non remite a ningún dicionario): *intrés*. “Interés, provecho, utilidad, ganancia y demás acepciones castellanas”.

1. Na 10ª edición do DRAE mantíñanse as correspondencias latinas das formas polo que era posible distinguir se eran palabras distintas ou non. Na 11ª edición, ó se eliminaren estas correspondencias, varias palabras reducíanse a unha única.

5. Criterios desta edición

Esta edición non pretende máis ca presenta-la obra de Valladares tal como el a deixou. Así e todo cambiaranse algunhas cousas do manuscrito para mante-los criterios do seu dicionario impreso, que representan o seu verdadeiro desexo¹.

O castelán dos artigos vai ser actualizado, tanto na acentuación como na puntuación e na ortografía. No mesmo Valladares se manifestan as vacilacións sobre todo no uso de g e j: *ajeno* (na entrada *manipular*), *agenos* (en *intresar*), *sugetos* en *sénllos*, e *gefe* en *maestrescòla*, *grangería* en *parcèiría*... Non son estas as únicas “faltas” de ortografía do castelán: na entrada *manguèla* aparece *ejambre*, e *elecho* en *papallóns*, *emicraneia* en *pèdra d’as sèns*, e *ardiz* varias veces. Ningunha delas era forma admitida no Dicionario da Real Academia².

1. Tamén no dicionario impreso hai incoherencias, por exemplo, despois de V., unhas veces temos maiúscula e outras minúscula: *pútiga* e *puza*.

2. Entre os libros do escritorio da casa dze Vilancosta atopamos un *Prontuario de ortografía de la lengua española en preguntas y respuestas*, Trigesimoprimer edición. Madrid, Espasa-Calpe. Pero trátase dunha edición bastante antiga: 1835.

Na edición final, procurouse conxuga-las características da edición manuscrita coas do dicionario impreso. Só presenta dúas diferencias, a entrada en negrita e minúscula (segundo a tónica actual) e, en V., negriña

En definitiva, estes foron os resultados:

-Entrada en negriña con maiúscula inicial e punto.

-Definición, en letra normal, empezando con maiúscula, pero mantendo a minúscula das abreviaturas.

-Acepcións dunha entrada separadas polo signo = sen puntos, con maiúscula, cada unha delas coas abreviaturas correspondentes.

-Entradas dobres separadas con dous puntos, tanto cando son dúas palabras coma cando se trata do sufixo *-ade* ou *-ude*.

-Exemplos (igual ó dicionario publicado) en cursiva e a parte se son cantigas, citas de autores ou refráns; seguido despois dun punto, se son frases inventadas por el, coa tradución en letra normal ó lado despois de punto.

-Nomes científicos en cursiva e en maiúscula segundo a norma internacional.

-Despois de V. poremos a palabra en minúscula e en negrita.

Só se introduciu un símbolo nesta edición: os cinco apéndices do manuscrito foron refundidos xunto coa primeira parte, nunha soa unidade e alfabetizada de novo. Con [1] [2] [3] [4] [5], a dereita de cada definición, indícase de que apéndice procede cada voz: do primeiro, segundo, terceiro, cuarto ou quinto. Os lemas que pertencen á primeira parte, non levan ningún número.

[1]

DICCIONARIO GALLEGO-CASTELLANO

DE
FRANCISCO PORTO REY
M^a XESÚS BUGARÍN LÓPEZ
BEGOÑA GONZÁLEZ REI

[2] ,Real Academia Galega
R/ Tabernas, 11
15001 A Coruña

Imprime: DIFUX, S.L.
ISBN: 84-87987-15-X
Depósito Legal:

[3]

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

1. FRANCISCO PORTO REY E O SEU TEMPO
2. VICISITUDES DO *Diccionario gallego-castellano*
3. O MANUSCRITO
4. A NOSA EDICIÓN
5. CONTIDO DO DICCIONARIO
6. BIBLIOGRAFÍA
7. ABREVIATURAS QUE APARECEN NO *Diccionario gallego-castellano*

DICCIONARIO GALLEGO-CASTELLANO

NOTAS

[5]

INTRODUCCIÓN

1. FRANCISCO PORTO REY E O SEU TEMPO

Fronte a outros lugares de Europa occidental onde o século XIX representou un paso na modernización das estruturas económicas e sociais, en Galicia esa revolución retardaríase ata o século XX. Así e todo, na Galicia do século XIX producírase un forte movemento tanto político coma cultural que desembocará no denominado Rexurdimento, caracterizado polo cultivo, a defensa e a reivindicación do mundo galego e do seu idioma.

Nesta época de efervescencia é na que hai que situa-la figura de Francisco Porto Rey. Víctor Viana (1988) ofréceno-lo seguinte perfil biográfico:

“Este polifacético villagarciano nace el 16 de Enero de 1876 y tras sus estudios privados inicia la carrera de Derecho que pronto abandona tras lo que sería la característica de su vida futura: la literatura y el periodismo.

Como probablemente ya era tradicional que el hombre de letras tuviera necesidad de otros menesteres, Porto Rey fué además mecánico, secretario, jefe de vías y obras del ferrocarril, llegando a ser incluso responsable administrativo en calidad de secretario de “The West Galicia”.

De su colaboración en las tareas comerciales de la comarca, queda su acertada labor como secretario de la Cámara de Comercio de Villagarcía hasta febrero de 1.915.”¹

Temos constancia ademais da súa colaboración en moitos periódicos da época como *El Ciclón*, *El Cínife*, *Faro de Vigo*, *Gaceta de Galicia*, *Galicia*, *Galicia Moza*, *Galicia Nueva*, *Heraldo de Arosa*, *Villagarcía-Carril*, *Voz del Pueblo*, etc.

1. Viana, V. (1988): *Periódicos y periodistas de Villagarcía*. Vilagarcía, 27-28.

Realizou tamén frecuentes incursións no mundo literario onde adoitaba asinar como Farruco Porto Rey as súas obras. Dentro da súa produción literaria atopamos composicións poéticas –*Las mil y una composiciones* e *Pisto* (1894), *Papel e tinta* (1901)–, novela –*Fermosinda* (1918)– e mesmo teatro –*A Tola de Sobrán* (estreada no 1920, pero que non foi publicada ata 1927)–. Nas follas preliminares e finais destas obras atopamos interesantes informacións sobre outros traballos. Por exemplo, [6] no folio preliminar da edición de *Fermosinda*, do ano 1918, encontrámo-los seguintes datos:

“Obras en galego do mesmo autor: I *Fermosinda* (novela), II *O Alalá* (conversa treatal)¹, III *Rabudos e Rabelos* (versos), IV *As Gadoupas do Cacique* (novela), V *Pra con lecer* (contos), VI *Tola rematada* (novela), VII *Dicionáreo Castelán-Galego*, VIII *Sen tona* (versos sanguíñentos), IX *Cóxegas* (contos pequenos), X *Limigochas pezoñentas* (do sufrir labrego), XI *Froallo* (novela) e XII *Lenzos* (paisaxes d’a terra)”.

A súa actividade no mundo galego debeu ser cando menos de certa relevancia pois constatamos que na Xunta Ordinaria de 29 de maio de 1908 da Real Academia Galega, e baixo a presidencia de Manuel Murguía, Porto Rey é proposto como membro correspondente desta institución:

1. Estas dúas primeiras obras aparecen recollidas no apartado titulado *Bibliografía* da autoría de E. Carré Aldao que se publicaba periodicamente no *BRAG*. En concreto, no nº 9 pódese ler: “*El Eco de Arosa*, publica en su folletín *O Alalá*, diálogo en verso, en gallego, por J.Porto Rey”; e no nº 141 “PORTO REY (Francisco).—*Fermosinda*, novela de costumbres gallegas y escrita en gallego. Arousa, 1918.”

“Se dió también lectura a la propuesta de D. Francisco Porto Rey, de Villagarcía, para Correspondiente de la Corporación [...]”¹.

Poucos meses máis tarde, na Xunta Ordinaria que tivo lugar o 20 de xuño de 1908, foi aceptada esta proposición:

“Se aceptó el dictamen referente a la propuesta de Académico Correspondiente de D. Francisco Porto Rey, de Villagarcía, que fué proclamado”².

2. VICISITUDES DO *Diccionario gallego-castellano*³

Entre as obras mencionadas anteriormente na contraportada de *Fermosinda* atopabámo-la referencia “VII *Dicionáreo Castelán-Galego*”. Esta obra foi publicada por fascículos en 1900 no semanario *Villagarcía-Carril. Periódico Semanal-Satírico-Cómico etc. etc.*, no que colaboraba habitualmente Francisco Porto Rey.

1. *BRAG* 19, 139-140.

2. *BRAG* 19, 14.

3. Este nome é o que Porto Rey lle dá nun dos folios do manuscrito onde se recolle ademais a autoría.

Dese xeito van aparecendo por entregas semanais as primeiras entradas do dicionario galego-castelán ata que por problemas non ben esclarecidos se interrompe a publicación o 17 de xuño de 1900 no nº 6. A razón oficial que se ofrece para xustifica-la suspensión da publicación é a existencia de dificultades de carácter tipográfico para imprimi-la obra, como se fai saber ó público no nº 7, datado no 24 xuño de 1900, onde aparecerá a seguinte noticia na páx. 2:

[7] “Por haberse deslizado algunas erratas en el *Diccionario Gallego-Castellano* que veníamos publicando como folletín y contra la voluntad del autor, queda suspendido aquel hasta tanto no llegue el nuevo tipo de letra que encargó la imprenta en que se imprime este periódico”¹.

Desta publicación efémera e de escasa repercusión faise eco Carré Aldao quen en *La literatura gallega en el siglo XIX* (1903) sinala dentro do apéndice bibliográfico dedicado á lexicoloxía-diccionarios:

“PORTO REY, (Francisco).

Diccionario gallego castellano, comenzó á publicarlo en el folletín de Villagarcía. –Carril, 1900.”²

1. Debemos sinala-lo noso agradecemento á Biblioteca do Museo de Pontevedra pola axuda na localización dalgúns exemplares deste xornal.

2. Carré Aldao, E. (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX*. A Coruña: Librería regional de Carré, 165.

Cando anos despois, concretamente o 29 de maio de 1908, sexa proposto como correspondente da Real Academia Galega, Porto Rey fará entrega deste diccionario a esta institución:

“Vió la Corporación con sumo agrado el donativo hecho a favor de la misma por el señor D. Francisco Porto Rey, de Villagarcía, consistente en un voluminoso manuscrito, especie de Diccionario gallego casi completo, de que es autor el propio donante”¹

Desde entón a Real Academia Galega custodia na súa biblioteca o manuscrito deste diccionario. Noticias da existencia deste manuscrito e da súa localización na Real Academia Galega podemos atopar, entre outros, en Eugenio Carré Aldao (1911): “PORTO REY (Francisco). «Diccionario gallego-castellano», comenzado á publicar en el folletín del periódico «Villagarcía». –Carril, 1900. Hoy el Ms. pertenece á la Real Academia Gallega, á la que se lo donó el autor”², e posteriormente en Lanza Álvarez, F. (1950)³, Couceiro Freijomil (1952)⁴, etc. e incluso nalgunha das obras do mesmo Porto Rey, como na contraportada da peza teatral *Fermosinda*.

[8] 3. O MANUSCRITO

1. *BRAG* 19, 140.

2. Carré Aldao, E. (1911): *Literatura Gallega*. Barcelona: Casa Editorial Maucci, 576.

3. Lanza Álvarez, F. (1950): *Dos mil gallegos ilustres*. Buenos Aires: Ediciones Galicia, 232.

4. Couceiro Freijomil, A. (1951-53): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago: Bibliófilos Gallegos, 117.

No momento en que Porto Rey doou o seu manuscrito á Real Academia Galega, o 29 de maio de 1908, recolleuse no seu *Boletín* o feito de que a obra estaba incompleta:

“un voluminoso manuscrito, especie de Diccionario gallego *casi completo*¹, de que es autor el propio donante”²

Revisando o manuscrito comprobamos que as primeiras letras son as máis traballadas e que, pola contra, a medida que avanza a obra rexistrámo-la carencia das entradas correspondentes a determinadas letras como o *l, m, n, o, p, q, r, s, t*. Sen embargo, tamén faltan algúns folios intercalados, feito que só pode ser explicado polo extravío nalgún momento da súa manipulación posterior.

O manuscrito do diccionario de Porto Rey presenta tres partes claramente diferenciadas, tanto polas características do papel coma pola redacción que estas presentan:

A primeira parte componse de nove folios de papel cuadriculado escritos polas dúas caras, que na presentación inicial deberon constituír un caderno de dez páxinas cosido con fío. Nesta parte dáseno-lo nome da obra, a autoría, unha breve anticipación do contido, as abreviaturas e unhas advertencias sobre a pronuncia, amais das entradas de **A** a **Abaixador** (das que só ata **Abaixada** presentan definición). No seu comezo teñen unha disposición coidada pero cara ó final o tipo de letra xa non é tan uniforme e chega mesmo a presentar algúns borróns. Neste primeiro grupo a separación entre as distintas acepcións faise deixando un espacio en branco entre cada unha delas.

1. A cursiva é nosa.

2. *BRAG* 19, 140.

A segunda parte contén as formas que van desde **Ababo** a **Aborrallado, da**. Formalmente está constituída por trinta folios de papel branco escritos por só unha das caras. O primeiro dos folios está paxinado co número 10 na marxe superior dereita e así sucesivamente ata o 40. Teñen un formato esmerado e cada un deles presenta como cabeceira as tres letras iniciais da primeira entrada dese folio. Faltan os numerados como 16 e 24. En lugar do folio dezaseis hai outro que debeu ser intercalado porque recollía as formas que faltaban entre **Abaiar** e **Abaixamento**. Non presenta as mesmas características dos anteriores, xa que debeu pertencer a unha redacción anterior cronoloxicamente: non ten encabezamento nin as páxinas numeradas, a separación entre as definicións faise co símbolo = fronte a esta parte onde se emprega un único trazo grosso, e no seu comezo repite as últimas acepcións do folio 15 con mínimas diferencias. A información perdida do folio 24 recuperámola gracias ó núm. 6, con data de 17 de xuño de 1900, do periódico *Villagarcía-Carril*. Correspóndese cos artigos pertencentes ás entradas **Abasta**, **Abastador, ra**, **Abastamento**, **Abastar**, **Abastarse**, **Abastilla** e **Abastillado, ra**.

[10] A terceira parte está constituída por un total de 1058 folios de papel branco escritos só por unha cara. Contén as entradas que van desde **Abondar** ata **Zuzar**, a última do dicionario. Estes folios tamén presentan unha numeración na marxe superior dereita. Na letra *A* os folios comezan a paxinarse a partir do número 13 ata o 234 (221 folios). No *B* numéranse os folios ata o 119, pero carecemos do 7

e do 89, polo que en total temos 117 folios. O *C* conta cun total de 251, o *Ch* ten 28, o *D* 114, o *E* 90, o *F* 67, e o *G* 41. Do *H* só se conserva un folio que aparece numerado como o segundo. O *I* consta de 29 folios, o *J* de 19, o *Ll* de 3, o *Ñ* de 2, o *U* de 8, o *V* de 49, o *X* de 6, o *Y* de 2, e o *Z* de 10. Nesta terceira parte as distintas acepcións sinálanse co símbolo =.

Nesta última parte hai algúns detalles que nos fan pensar que estamos ante un borrador. A pesar de que hai entradas redactadas na súa totalidade, hai numerosos casos onde atopamos algunhas sen definición, outras engadidas a posteriori ben sexa á marxe ben de xeito interlineal, e outras nas que se len indicacións para seren completadas coa axuda doutras obras. Ademais hai moitas ocasións nas que a desorde das entradas obrigou ó autor a numeralas ou a sinalar a través de liñas a nova situación, etc.

Na redacción o autor empregou maioritariamente tinta aínda que en ocasións atopamos algunhas notas en lapis como por exemplo a entrada **Azumara**, que foi intercalada posteriormente.

En xeral o estado de conservación da obra é bo e soamente en casos moi puntuais foi imposible recuperar algunha información.

4. A NOSA EDICIÓN

Aínda que as tres partes que presenta o manuscrito son máis ou menos sucesivas, nalgún momento superpóñense. Nestes casos optamos por segui-la información da segunda parte xa que é a máis coidada e ademais coincide co publicado no periódico *Villagarcía-Carril*. A partir de **Aborrallar** coñecemos só as entradas da 3º parte e, polo tanto, é a que seguimos.

O carácter de borrador da maior parte do manuscrito e a diferente organización e distribución da información que presentan as diferentes partes conservadas, levounos a realizar algunhas manipulacións:

Polo xeral Porto Rey estruturaba a información das súas entradas colocando despois do lema as diferentes acepcións e deixaba para o final topónimos, biografías, frases e refráns, e etimoloxías, nesta orde. Por ser esta a organización do esquema maioritario e corresponderse coa parte máis elaborada, ó editar este manuscrito decidimos adoptar esta disposición para presenta-la información. Iso obrigounos nalgúns momentos a trasladar algunha información de lugar. Por exemplo, no manuscrito na entrada **Agulla** o autor introduce unha última acepción despois da expresión **carne d'a agulla**. O tipo de letra indica que foi realizado nun momento posterior no [11] afán de amplia-la información. Ó autor non lle quedaba máis remedio que aproveita-lo sitio que existía entre entrada e entrada, pero nós en casos como este decidimos reestructuralo e situa-las expresións ó final:

Agulla *f.* Instrumento de acero, madera o hierro que sirva para coser o bordar, etc.; generalmente es corta y tiene por un lado una punta y por el otro una abertura por donde se mete o enhebra el hilo. **2.** Instrumento de madera para hacer redes. **3.** Pedazo de alambre que con otras se calceta. **4.** *Zool.* Pez de color azul acerado por el lomo y plateado por el vientre, de hocico muy largo y delgado. # **(Carne d'a)** Carne de las costillas del cuarto delantero de una res.

Nas entradas nas que se proporciona a denominación científica dunha planta ou animal, unificámo-la presentación desta información entre parénteses ó comezo da acepción, xa que este era o método seguido polo autor ó principio da obra. Este traslado faise exclusivamente nos casos nos que a denominación científica aparece de forma illada e non cando forma parte do corpo da definición. Por exemplo baixo o lema **Armería** o nome científico aparece no manuscrito ó final da acepción. Na nosa edición moveuse ó principio:

Armería *Bot.* (*Armeria pubescens*) Planta anua de la familia plumbagináceas, de hojas agudas, lampiñas y planas, de muchos tallos.

Na súa escrita Porto Rey non é moi sistemático. Polo que fai referencia á parte galega respectamos en todo momento a lectura do manuscrito a pesar de que en ocasións non estaba claro se o til é grave ou agudo, ou de atopar claras contradicións. Sen embargo, no texto redactado en castelán si modificámo-la puntuación e a acentuación para facilita-lo máximo posible a comprensión da información que o autor nos proporciona nas definicións.

Por estarmos traballando cun borrador atopamos algúns exemplos de repeticións inxustificadas dalgunha categoría ou palabra que eliminamos como tamén faría o autor de te-la oportunidade de revisa-lo seu traballo:

Alborrir v. v. *ant.* V. **aborrescer**. Aborrecer, aburrir.

Aleli de Mahon *Bot.* (*Malcomia cheirantus maritimus*) Planta bisanual de la subfamilia notorízeas, tribu sisimbríeas; de tallo erguido y ramoso; de hojas obtusas, aserradas menudamente; flores blancas o purpúreas. Sus variedades: *Littorea*, de tallo múltiple, desparramado unas veces y erguido otras; de hojas espesas, acanaladas, acanaladas y obtusas; [...]

Ó falar das distintas partes sinalamos que o autor separaba as acepcións de tres xeitos diferente: por medio dun espacio en branco, cun trazo longo e grosso ou co símbolo =. Nós decidimos unificalo e adoptamos un sistema con números.

Por outra banda introducímo-lo símbolo # para marcar frases feitas, locucións e refráns e separalas das distintas acepcións da entrada.

Velaí un exemplo:

[12] Abô *m.* El padre de la madre o del padre. Abuelo. **2.** *fig.* Anciano, ochentón, viejo. # **Nosos abôs.** Nuestros antepasados o ascendientes. *Etim.* Del latín **avus**, abuelo.

Porto Rey adoitaba sinala-los topónimos e as biografías coas abreviaturas *Geog.* e *Biog.* Por non tratarse de nomes comúns decidimos sinalar entre corchetes aqueles casos nos que o autor non chegou a sinalalo:

Furelos *m. pl.* Ratoncillos. **2.** [*Geog.*] (**San Juan de**) Feligresía en la provincia de la Coruña, partido judicial de Arzúa.

Ferreiro *m.* Herrero. **2.** Ave, gaviador. **3.** [*Biog.*] (**José**) Dibujante gallego del siglo XVII.

Para indica-la existencia dun espacio baleiro que o autor deixou a propósito para completar posteriormente empregámo-los corchetes cun espacio no seu interior []:

Cunca *f.* Taza. **2.** Conca. Medida para granos y harinas equivalente a [] parte de un ferrado.

Empregámo-los corchetes con puntos suspensivos [...] para sinalar que a lectura queda interrompida, ben sexa polo deterioro irreversible do papel, ben pola perda de parte do corpo da definición pola desaparición do folio manuscrito:

Babán *adj.* Insípido, tonto, bobalición, ba[...], **babanco**, **babanca**.

[...]dos: lánguido, débil, poco subido, poco perceptible. **2.** Instrumento que toca una octava máis baixa que el tenor. **3.** Ropa que las mujeres traen debajo de las sayas, enaguas, medias, etc.; así, se dice: “*fulana ten moi bos baixos*”.

Empregámo-los corchetes para restituír algunhas palabras ou letras necesarias para a comprensión do texto:

Alonso *n. p. m. Biog.* (**Juán B.**) Jurisconsulto nacido en Salcedo (Pontevedra) en el año 1821. Por su saber llegó a disputar de merecida fama entre sus contemporáneos y fue uno de los que escri[bi]eron el famoso periódico “El Guirigay” en unión de González Bravo.

Cando no texto da definición Porto Rey utiliza algunha palabra galega, acostuma resaltala para o que se serve de dous procedementos: ou subliñándoa ou remarcándoa con axuda dunha maior cantidade de tinta. Cando isto ocorre na nosa edición utilízanse caracteres grosos:

Arnal m. V. arnau.

Baralleiro, ra *adj.* Charlatán, demasiado hablador. Que **baralla**.

[13] Nesa marcaxe non foi sempre rigoroso pero consideramos oportuno sinalar tamén algúns casos nos que por asistematicidade o autor non chegou a facelo.

5. CONTIDO DO DICCIONARIO

A maior parte deste diccionario conservámola exclusivamente en folios manuscritos. Só unha pequena parte presenta tamén unha versión impresa, derivada da publicación das primeiras entradas polo periódico *Villagarcía-Carril*. Ademais, trátase dunha obra sen finalizar, e moitos dos folios conservados son un primeiro borrador do autor que no presentan unha redacción definitiva. Por iso hai moitos lemas sen definición, algúns coa información incompleta, e outros engadidos entre liñas. Tamén

son frecuentes as glosas á marxe, notas breves e concisas do autor, que forman parte do proceso de elaboración do dicionario. A través delas Porto Rey recórdase a si mesmo a qué fonte debe acudir para completa-la información. Moi a miúdo remiten ás ‘Adicións’ do *Diccionario gallego-castellano* de Marcial Valladares.

Este dicionario responde a tódalas características principais das obras lexicográficas decimonónicas. Trátase dun dicionario bilingüe, coas entradas en galego e as definicións e equivalencias en castelán, como os anteriores de F. J. Rodríguez, Cuveiro ou Valladares (aínda que ás veces introduce algunha palabra en galego no medio da definición). A forte dependencia do castelán maniféstase tamén na selección como lemas exclusivamente das formas galegas distintas das castelás, procedemento xa desbotado por Valladares pero que Porto Rey retoma.

A intención de Porto Rey, como reconece ó principio do dicionario, é elabora-lo máis completo dos existentes ata o momento. Aínda que é unha obra inconclusa conta con preto de 15.000 entradas, polo que o seu volume é superior ó dos dicionarios anteriores. En función deste obxectivo refunde o material dos traballos lexicográficos precedentes. A reprodución incluso exacta de información de obras anteriores era un procedemento habitual na época, e o propio autor declara do seu dicionario que foi “*redactado en vista de los de Don Francisco Javier Rodríguez, Don Juan Cuveiro Piñol y de Don Marcial Valladares Núñez y de gran número de obras de los más acreditados escritores antiguos y modernos*”. Aínda que segue os tres autores citados, a súa fonte principal é o *Diccionario gallego* de

Cuveiro Piñol. Tamén recompila moitos lemas directamente da fala, e de obras literarias e doutros textos escritos tanto contemporáneos como antigos. Recorre ademais a traballos especializados nun tema concreto, como por exemplo na historia natural. No caso dos topónimos baséase fundamentalmente no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Pascual Madoz.

O tipo de voces que presenta é bastante heteroxéneo. Inclúe léxico de diferentes épocas, tanto moderno como arcaico, e abrangue desde o rexistro máis literario ó máis vulgar, evidenciando vacilacións fonéticas características da fala. Reproduce tamén outro tipo de variantes das palabras, tanto ortográficas como morfolóxicas ou dialectais. Dálle cabida ademais á fraseoloxía popular, e así recolle algúns refráns e numerosas frases feitas e locucións características galegas.

Na mesma liña dos dicionarios anteriores, e continuando unha tradición xa iniciada en Sarmiento, recolle moito léxico específico da flora e da fauna, que acompaña de definicións ás veces dun elevado tecnicismo.

Por outra banda, ó lado dos nomes comúns dálles entrada a numerosos topónimos e antropónimos. Estas entradas son características dos dicionarios enciclopédicos e, despois de Rodríguez, nin Cuveiro nin Valladares lles deron cabida nos seus dicionarios. O dicionario de Porto Rey está polo tanto a medio camiño entre un dicionario de lingua e un dicionario enciclopédico. Este carácter maniféstase tamén no tipo de definicións, que ás veces non son estritamente lingüísticas senón que proporcionan datos de tipo ideolóxico e reflicten en moitas ocasións o sistema cultural galego.

Como novidade con respecto ós dicionarios anteriores, proporciona a categoría gramatical dos lemas, e ademais inclúe outros datos como a procedencia ou o étimo da palabra e a delimitación do campo do saber ó que pertence. Non sempre é sistemático na presentación formal da información, e esta variabilidade esténdese á organización dos lemas na macroestrutura do dicionario, á redacción das definicións e á separación e ordenación das acepcións.

Á parte da asistematicidade metodolóxica observamos unha certa anarquía na ortografía. Porto non bota man de ningún dos sistemas propostos na época para unifica-la ortografía do galego, senón que lles dá cabida ás diversas representacións dos sons que tiñan vixencia no seu tempo. Estas vacilacións gráficas contribúen a aumenta-los lemas do dicionario, pero non a fixar unha norma da escrita.

6. BIBLIOGRAFÍA

BRAG = *Boletín de la Real Academia Gallega*. A Coruña, 1906-.

Carré Aldao, E. (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX*. A Coruña: Librería regional de Carré.

Carré Aldao, E. (1907): “Bibliografía”, in *BRAG* 9, 215-216.

Carré Aldao, E. (1911): *Literatura Gallega*. Barcelona: Casa Editorial Maucci.

Carré Aldao, E. (1922): “Bibliografía”, in *BRAG* 141, 322-323.

Carré, L. (1931): “Apontamentos para a Historia do teatro galego”, in *BRAG* 235, 213-224.

Carré Alvarellos, L. (1928): *Diccionario galego-castelán*. A Coruña: Edición Lar.

- Couceiro Freijomil, A. (1951-53): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos. (3 vols.)
- Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario Gallego*. Barcelona: Tip. de N. Ramírez y Cía.
- Filgueira Valverde, J., L. Tobío Fernandes, A. Magariños Negreira e Cordal Carús (1926): *Vocabulario Popular Galego-Castelan*. (A- Treva). Vigo: Edición de “El Pueblo Gallego”.
- [15] Lanza Álvarez, F. (1950): *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires: Ediciones Galicia.
- López Navia, S. A. (1992): *O repertorio dos Refranes o proverbios en romance do Comendador Hernán Núñez (1555)*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Madoz, P. (1845-50): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Est. Literario – Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti. (16 vols).
- Mendoza, C. (ca 1900): *La leyenda de las plantas*. Barcelona: Editorial de Ramón Molina.
- Pensado, J. L. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo».
- Porto Rey, F. (1901): *Papel é tinta*. Santiago: Imp. Pap. Gaceta de M. F. Tafall.
- Porto Rey, F. (1918): *Fermosinda*. Arousa: Eco de Arosa.
- Porto Rey, F. (1927): *A tola de Sobrán*. A Cruña: “Nós”.
- Real Academia Galega (1908): “Sección oficial” in *BRAG* 19, 138-142.
- Real Academia Galega (1912): *Estatutos. Reglamento interior*. Coruña.
- Real Academia Galega (1913-28): *Diccionario Gallego-Castellano (A-Cativo)*. Coruña.
- Rodríguez, F. J. (1863): *Diccionario gallego-castellano*. Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial.

- Rodríguez González, E. (1958-62): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo. (3 vols.).
- Valladares Núñez, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central
- Viana, V. (1988): *Periódicos y periodistas de Villagarcía*. Vilagarcía.
- Vilavedra, D. (Coor.) (1995): *Diccionario da literatura galega*. Vol. I Autores. Vigo: Editorial Galaxia.
- Vilavedra, D. (Coor.) (1997): *Diccionario da literatura galega*. Vol. II Publicacións periódicas. Vigo: Editorial Galaxia.
- Villagarcía-Carril. Periódico Semanal-Satírico-Cómico etc. etc.* (1900), núm. 2 (de 20 de maio), 5 (de 10 de xuño), 6 (de 17 de xuño), 7 (de 24 de xuño).

7. ABREVIATURAS QUE APARECEN NO *diccionario gallego-castellano*

Ó longo do diccionario sucédense gran cantidade de abreviaturas que o autor non contemplou ó inicio da obra. Unhas forman parte da microestructura do artigo e proporcionan información de tipo gramatical ou delimitan un campo do saber. Outras atópanse no corpo da definición como método do autor para aforrar tempo e espacio. As abreviaturas rexistradas son as seguintes.

-Abreviaturas que proporcionan información gramatical:

[16] *abl.* = ablativo.

acus. = acusativo.

adj. = adjetivo.

adv. = adverbio.

adv. c. = adverbio de cantidad.

adv. l. = adverbio de lugar.

adv. ord. = adverbio de orden.

adv. m. = adverbio de modo.

adv. t. = adverbio de tiempo.

ant. = antiguo.

art. = artículo.

aum. = aumentativo.

com. = común.

conj. = conjunción.

conj. advers. = conjunción adversativa.

conj. compar. = conjunción comparativa.

conj. cop. = conjunción copulativa.

conj. cond. = conjunción condicional.

contrac. = contracción.

dat. = dativo.

dem. = demostrativo.
des. = desusado.
dim. = diminutivo.
f. = femenino.
fam. = familiar.
fig. = figurado.
fr. = frase.
g. = gerundio.
imp. = imperativo.
indic. = indicativo.
interj. = interjección.
irreg. = irregular.
loc. = locución.
loc. adv. = locución adverbial.
m. = masculino.
mod. = moderno.
n. = neutro.
n. p. = nombre propio.
num. = numeral.
ord. = orden.

p. = participio.
pers. = persona.
p. a. = participio activo.
p. p. = participio pasado.
p. u. = poco usado.
part. compar. = partícula comparativa.
pl. = plural.
poét. = poético.
prep. = preposición.
pres. = presente.
pron. = pronombre.
pron. rel. = pronombre relativo.
pron. pos. = pronombre posesivo.
pron. pers. = pronombre personal.
s. = sustantivo.
superl. = superlativo.
v. = verbo.
v. a. = verbo activo.
v. gr. = verbi gratia.
v. n. = verbo neutro.

v. r. = verbo reflexivo.

-Abreviaturas que delimitan o campo do saber.

Agr. = Agricultura.

Anat. = Anatomía.

Arquitec. = Arquitectura.

Biog. = Biografía.

Blas. = Blasón.

Bot. = Botánica.

Geog. = Geografía.

Geog. ant. = Geografía antigua.

Hist. = Historia.

Jurisp. = Jurisprudencia.

Mar. = Marina.

Med. = Medicina.

Mil. = Milicia.

Miner. = Mineralogía.

Zool. = Zoología.

-Abreviaturas que se atopan no interior das definicións:

acep. = acepción.

ayunt. = ayuntamiento.

cant. = cantiga.

cénts. = céntimos.

E = Este.

expr. = expresión.

[17] Fel. = Feligresía.

id. = ídem.

km. = kilómetro.

N = Norte.

NE = Nordés.

NO = Noroeste.

O = Oeste.

p. ej. = por exemplo.

p. j. = partido judicial.

pop. = popular.

por ext. = por extensión.

prov. = provincia.

pts. = pesetas.

S = Sur.

S. = San.

SE = Sureste.

SO = Suroeste.

térn. mun. = término municipal.

últ. = último.

V. = usted.

V. = Véase

[19]

DICCIONARIO
GALLEGO-CASTELLANO

POR

FRANCISCO PORTO REY

[21]

Diccionario Gallego-Castellano

El más completo en su clase, de los publicados hasta la fecha y redactado en vista de los de Don Francisco Javier Rodríguez, Don Juan Cuveiro Piñol y de Don Marcial Valladares Núñez y de gran número de obras de los más acreditados escritores antiguos y modernos.

por
Francisco Porto Rey

Contiene infinidad de voces desusadas, tomadas de un sinnúmero de documentos antiguos, gran cantidad de etimologías, modismos, refranes, historiografías, nombres de plantas, animales y el de casi todas las feligresías y aldeas de la región.

Abreviaturas

adj. adjetivo.

adv.	adverbio.
adv. de l.	id. de lugar.
adv. de m.	id. de modo.
adv. de t.	id. de tiempo.
Biog.	Biografía.
Bot.	Botánica.
conj.	conjunción.
des.	desusado.
dim.	diminutivo.
Etim.	Etimología.
f.	femenino.
fam.	familiar.
fr.	frase.
fr. fam	id. familiar.
Ico.	Iconología.
indf.	indefinido.
interj.	interjección.
inus.	inusitado.
loc. adv.	locución adverbial.
m.	masculino.
mod. adv.	modo adverbial.
n. p.	nombre propio.
p. a.	participio activo.
p. p.	id. pasivo.

p. p. irreg.	id. id. irregular.
[22] pl.	plural.
prep.	preposición.
pron.	pronombre.
s.	sustantivo.
s. y adj.	id. y adjetivo.
V.	Véase.
v. a.	verbo activo.
v. n.	id. neutro.
v. r.	id. recíproco.
Zool.	Zoología.

Advertencias

La letra **x**, se pronuncia en todos los casos como la **ch** francesa o como la **x** catalana, y lo mismo las letras **g** y **j** cuando llevan acento circunflejo (^).

Las vocales cuyo acento sea de izquierda a derecha (´) son abiertas.

Las letras **ê**, **ô** con acento circunflejo son cerradas.

Manuel LEIRAS PULPEIRO

VOCABULARIO galego-castelán

[Procede dun manuscrito conservado na Fundación Penzol de Vigo (outro, con leves variantes, está na Real Academia Galega). Aínda que hai dúas transcricións previas releuse de novo o manuscrito a partir (de fotocopias do) do orixinal. O manuscrito da Academia foi entregado á institución en 1906 como resposta a un chamamento ós académicos para que achegasen papeletas para o futuro dicionario. O da Penzol non sabemos qué cronoloxía ten pero á vista das semellanzas entre os dous manuscritos, debe de ser da mesma época (seguramente un é copia do outro)]

[1]

**VOCABULARIO POPULAR
GALEGO-CASTELAN**

colleitado por

FILGUEIRA VALVERDE / TOBIO

FERNANDES / MAGARIÑOS

NEGREIRA / E / CORDAL CARUS

[SELO:] SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS - COMPOSTELA / DEUS : SCIENTIA :
FRATRESQUE : GALLAETIAE

EDICION DE "EL PUEBLO GALLEGO"

MCMXXVI

[2]

LIMIAR

O idioma galego que chegou, asoballado pol-o castelán, a arrecantarse nas aldeias, fuxindo da burocracia alleira das vilas, a vella fala dos Cancioeiros, que fora língoa poética no meioevo das terras occidentaes, veu a usarse en noxentas antroidadas e o pobo mesmo tivo a míngoa o empregal-a. Mais en poucos anos de renacenza reconqu coasta a súa sona literaria, escadou a poucos os boletís, entrou a furto nas conversas, acougou nos xuntoiros e con forte pulo leva camiño de superar, no presente rexurdimento, as antigas grolias.

Pra ben de ista nosa língoa facemos o Vocabulario popular que agora sai. Laboura de mocidade e de escomenzo, de seu ben cativa, quer soio encher o grande oco que sinte a xente galega co-a falla d'unha colleita de verbas práctica i-elemental. Fica, pois, dita a nosa tención e o xeito do noso traballo que ten, d'outra banda, un senso provisoal xa que a Academia Galega non tardará en rematar a pubricazón do seu, os Sres. Rodríguez González e Cotarelo preparan, respectivamente, os tan necesarios descriptivo e de autoridades e o Seminario de Estudos Galegos anda a traballar nun sistemático Catálogo da Língoa.

O noso Vocabulario popular e unha sinxela recadadiva [3] das verbas contidas nas obras de Sarmento, nos Diccioarios de Rodríguez, Cubeiro, Valladares, o que vai publicado da Academia e no vocabulario anónimo publicado por Leite de Vasconcellos, nos Glosarios dos

Cancioeiros, e demais obras clásicas galegas, nos papeis inéditos de Saco e Arce, nos documentos, nas obras dos escritores contemporáneos e nos beizos do pobo.

O caraiher de popularidade que arelamos dare ao noso traballo, fíxonos fuxir de toda cita e chamada i-empregar a ortografía mais práctica, sinxela e corrente; tamen, en percura da maior sinxeleza, prescindimos de moitos derivados verbales e variantes dialeitales d'alguns vocábulos.

Xustificar as moitas tachas do noso traballo sería darlle unha importancia que non ten. Ben coñecemos que está suxeito ás mais acedas críticas e á mais fonda revisión. Mais isto non amingoará a nosa ledicia ao termos posto as nosas cativas posibilidades ao servizo da grande Obra enxebriante, chamando a ela novos e mais asisados laboueiros.

OS AUTORES

[4]

ABREVIAZÓNS

adx. adxetivo.

adv. adverbio.

art. artículo.

contr. contraición.

conx. conxunzón.

inter. interxeczón.

loc. locuzón.

m. masculino.

p. plural.

prep. preposición.

pron. pronome.

s. sustantivo.

sing. singular.

v. verbo

[I]

Diccionario Galego-Castelán

[II]

Obras de Leandro Carré

Contos e diálogos

Amor malfadado (novela)

Os super-homes (novela)

Naiciña (novela)

A propia vida (novela)

O home que deu vida a un morto (novela)

O xornal de Mavi (novela)

Compendio de Gramática Galega

Vocabulario Castelán-Galego

Diccionario Galego-Castelán (o mais completo dos publicados hastra o día)

TEATRO

Tolerías, pasatempo nun acto

Pra vivir beri de casados... pasatempo nun acto
Noite de ruada, comedia nun acto
Enredos, comedia en dous actos
Rexurdimento, drama nun acto
A venganza, cadro trágico nun acto
A paz do campo, comedia en dous actos
Os amores de Xan quinto, comedia en dous actos
O corazón d'un pedáneo, comedia nun acto
Doña Inocencia, comedia en dous actos
Un caso compricado, comedia en dous actos
Almas en pena, drama riun acto
O pago, drama en tres actos
O engano, drama en tres actos
O pecado alleo, drama en tres actos
E a vida sigue, drama en tres actos.

En colaboración con Antonio Orozco

Picueiras o gallardo, sainete en dous actos, con varios números musicas de Maurício Farto

Ruinas, drama nun acto

[III]

DICCIONARIO
GALEGO-CASTELÁN
POR

Leandro Carré Alvarellos

Correspondente da Real Academia Gallega e
do Instituto Histórico do Minho
Membro do Seminario de Estudos Galegos

TOMO I
EDICIÓN LAR - A CRUÑA - 1928

[1]

A D. Manuel Portela Valladares

[2]

É propriedade do Autor

[3]

VERBAS LIMIARES

O dicionario que hoxe damos ao prelo ten un número ben mais grande de verbas que calquera dos anteriormente publicados¹.

É natural que sexa así porque dende os que foron dados á luz por Rodríguez, Cuveiro e Valladares ata boxe, a fala galega deu un formidábele pulo: usouse na literatura, en conferencias, nos xornáes. Descubríronse traballos de vellos troveiros e poetas, anterigos documentos e historias que foron nova fonte de estudo e arrequeceron o uso da fala galega. Os modernos escritores se non conforman xa con trascribiren os rústicos parrafeos dos labregos e xentes incultas, como cáseque en ausoluto facían os literatos galegos do sécu[4]lo XIX, senón que engaiolan as maxinazóns da súa fantasía en recendentes e froridas verbas, en galanas frases;

-
1. O dicionario de Valladares contiña 10.000 verbas; mais se temos en conta que de moitas de elas consina os aumentativos e diminutivos e mais algunhas pequenas variantes contándoas coma verbas difrentes, e descontando tamén moitas parolas que nel figuran e son eisatamente iguaes en galego que en castelán (pol-o que nós as non incruímos no noso) aquél ten un número de verbas efeitivos moito mais pequeno.

como en tempos fixérase cando a fala galega era idioma de nobres, señores e poetas, e espresión axeitada de sabidos frades e doutores.

Despois dun longo periodo en que a nosa lingua ficou sômente agarimada nos sinxelos beizos dos homildes, labregos, traballadores e mariñeiros, que tiveron a grandeza de a conservaren na quentura melosiña dos seus fogares, hoxe volta á recobrar o seu esplendor, e aínda á escintilar con novos respradores, gracias ao xenio dos nosos escritores que fixo rexurdir â vida literaria e culta, a desleixada, desditosa, fala.

Non figuran neste dicionario moitísimas verbas que son comúns ao galego e castelán, pol-o coidare innecesario¹. Verbas que son comúns aos dous idiomas porque no século de ouro da nosa literatura, cando o castelán estaba aínda en fornazón, a lingua literaria da península era o galego, e, naturalmente, moitas verbas galegas fóronse incorporando ao romance vulgar que se falaba daquela en Castela². Isto aparte de que tamén o castelán, coma o galego, sufríu a influencia do latín.

Usamos neste dicionario a ortografía que [5] se estila hoxe, dende o rexurdimento da nosa fala no século XIX despois de catrocentos anos de silencio, á pesar de que os anteriormente publicados empregan o j para o son x, (ch francesa) cousa que raramente se ve nos tempos

-
1. Poñemos en troques as modalidades especiaes dos nosos verbos, e un cadro de irregulares, cousas que seguramente será acollida con interés.
 2. Véxase “Influencia do galego na formación do castelán”, por Uxío Carré Aldao.

d'agora. Coidamos dar así unha facilidade mais aos que consulten o diccionario como tamén aos que escriban en galego, e seguimos co'esto a forma gráfica adoutada pol-a case totalidade dos escritores, como xa fixemos no noso Compendio de Gramática Galega.

Que o noso diccionario poida ser d'algunha utilidade é o noso meirande desexo. O noso imenso amor á Galicia moveunos a o facer ¡que os nosos irmáns galegos acollan con agarimo esta obra que con tanto cariño compuxemos.

LEANDRO CARRÉ

[7]

PRONTUARIO ORTOGRAFICO

O abecedario galego consta dos 28 sinos seguintes:

a b c ch d e f g h i j¹ l ll m n ñ o p q r rr s t u v x y z

pol-o tanto total-as verbas galegas ou galeguizadas deberanse escribir sômente co' esas letras.

Poderanse usar ademais en vocábulos derivados de nomes propios estranxeiros e nalgunhas parolas universalizadas o *k* e mais o *w*; kantismo, darvinismo, kilo, etc.

B V

B Ten a mesma pronuncia e valor que nos idiomas español e portugués. Nas sílabas *bla*, *ble*, *bli*, *blo*, *blu*, *bra*, *bre*, *bri*, *bro*, *bru*, [8] poñerase sempre b como en *blasmo*, *deble*, *braña*, *brexo*, *bruar*, etc.

Nas terminazons verbaes en aba que espresan tempo pasado, como: *falaba*, *deixaba*, etcétera.

-
1. En galego o *j* ten o valor *ch* francesa, somellante ao portugués, mais, por ter no español (o idioma oficial e úneco que se deprende nas escolas) un son estrano, moi diverso, e prestarse esto a confusions para a lêtura, adoutouse xeneralmente o *x* para representar aquel son na escritura galega.

Verbos rotados en *bir*, como *sobir* ou, *rubir*, *escrebir*, *percebir*, etc.; escéitúanse *vir*, *servir* e *vivir*.

Verbas que rotaten en *bele*, como *apracíbele*, *caroábele*¹, etc.

V As parolas findadas en *ava*, *ave*, *avo*, *eva*, *iva*, *ivo*, *ovo*, se espresan cualidadc d'unha cousa, deberán de se escribir con *v*, como: *porco bravo*, *rapaza nova*, *ar leve*, etcétera,

Nos verbos rotados en *servar*, como *ouservar*, *preservar*, etc.

Nas persoas dos verbos que non teñen *b* no infinitivo, como: *andiveche*, *estivo*, etc. menos na terminazón *aba* do pretérito imperfecto de indicativo que, según dixemos, debe de se escribir con *b*.

En verbas que escomezan con *pre*, *pri*, *pro*, escribirase *v* como en *proveito*, *privanza*, etcétera; escéitúanse *preboste* e *probar*.

Nas que encomecen con *en*, *in*, como: *enlevar*, *envexa*, *inverno*, etc.

C Z Q S

C Emprégase antes de *a*, *o*, *u*, para o son *ka*, como en *casa*, *cór*, *cume*, etc.

[9] Diante de *e*, *i*, é substituído por *qu* como en *queixo*, *quixo*, *esqueiro*.

Para o son *ze*, *zi*, emprégase o *c*, como en *celme*, *cinza*; e o *z* no son *za*, *zo*, *zu*, como en *poza*, *zoco*, *zuce*.

1. A forma *amabre*, *fautibre*, etc. é vulgar, inda que moi usada aínda por escritores de sona.

O *z* final ten o son *s* como en *nariz* (naris), *noz* (nos), *luz* (lus), etc., mais en verbas nadas d'algunhas d'estas que teñen un *e* ou un *i* despois do *z* trócase ésta en *c*; exemplo: *lucente*, o mesmo acontez ao facer o prural: *veces*, *noces*.

N-algunhas comarcas a pronuncia de *ce*, *ci*, ou *za*, *zo*, *zu*, faise sibilante como se fose con *s*; mais na escritura non debe de se usar aínda neste caso senón o *c* ou *z* para non dar lugar á confusions en verbas que tendo difrente significado escribiríanse igual, como: *caza* ou *casa*, *louza* o *lousa*, *cea* e *sea*, *cocer* e *coser*, *roza* e *rosa*, *vez* e *ves*, *luz* e *lus*, *voz* e *vos*, *noz* e *nos*, etc.

Antigamente usábase o *ç* sobre todo nos finaes en *çon*: *naçón*, *curaçón*; actualmente emprégase *z*: *nazón*, *curazón*.

G J X

Einprégase *g* para representar o son soave *ga*, *go*, *gu*, como en *fraga*, *logo*, *mágua*.

Diante de *e*, *i*, hai que lle aumentar un *u*: *aguilloar*, *fungueiro*, *freguesía*. Se este *u* se profere márcase con diéresis: *argüir*.

Ge, *gi*, ten o mesmo valor que escrito con *j* e ponse en lugar d'este cando a etimoloxía ou a analoxía o piden, exemplo: *gente* (xente), *lógica* (lóxica). Nos derivados *ja*, *jo*, *ju*, per[10]manez o *j*; antes de *e*, *i*: exemplo: *laranja* (laranxa) *laranjeira* (laranxeira).

O *g* etimolóxico múdase en *j* diante de *a*, *o*, *u*, exemplo: *fugir* (fuxir) *fujó* (fuxo) *fujá* (fuxa), *regir* (rexir) *rijo* (rixo).

Úsase *g* en vocábulos cuia etimoloxía veña do *g* latino: coma en *genio* (xenio), *genro* (xenro), *gesta* (xesta).

Empregaráse *j* cando veña do *j* como *ja*, *jurar*, de *i*, como *hoje*, (que tamén adoitan se escribir; *xa*, *xurar*, *hoxe*, etc.

Poñeráse *x* nas verbas que en latín escríbense con *x*, *ss*, *sc*, *ps*, *f* como *luxo*, *paxaro*, *peixe*, *feixe*, *faixa*, *caixa*, *roxo*, etc.

O *g* non se emprega no meio de dición e como final de sílaba, e así escribiráse *dino*, *manífico*, etc.

No galego o *j* ten o mesmo valor da *ch* francesa, somellante ao *x*; daquí que pola razón esposta na primeira nota deste traballo, a casi totalidade dos escritores dende o século XIX deron en usar *x* en lugar de *j* e *g* forte. Nós mesmos fixémoslo así tamén e recomendámolo polo considerare comenente.

Neste diccionario buscaráanse, pois, total-as verbas que teñan *g* forte ou *j* no *x* posto que por ser o sino mais afín para representar o son galego d'aqueles outros, co'este figuran escritos.

H

Poñeráse *h* inicial naquelas verbas que o xustifique a súa etimoloxía, como en *home*, [11] *humán*, *honra*, *hoxe*, *herdanza*, *hastra*, *herba*, *hourizonte*, etc. Mais se a calquera palabra con *h* inicial se engadira prefixo, suprimiráse o *h*; exemplo: *desumán*, *desonra*.

Escribiráanse sen *h* inicial: *irmán*, *ovo*, *oso*, *oco*, *onte*, *orfo*.

No meio dos vocábulos úsase poucas veces: *unha, algunha, aheito*: pero se non poñerá en *sair, coerente, prohibir*.

Escribiráse *h* final sómente nas interxeicións ¡*ah!* ¡*oh!* ¡*ouh!*

S X

Nas verbas que no castelán teñen *x* como *éxito, extenso*, etc., é regra xeneral que mudan no galego en *is* ou *us* cando a letra inmediata é vocal, como en *éisito, eisento, aisioma, ousígeno* (ousixeno). Cando sigue un consonante daquela ten o valor de *s*; *esceso, escusar, estremar, estenso*, etc.

Subsiste o prefixo *ex* que se antepón a dinidades, oficios, etc., para indicar que o suxeito á quen se aplica deixou de exercer o cargo ou honore: *ex-misnistro, ex-alcalde*, etc.

CONSONANTES

Non se usarán consonantes mudas cando non inflúan no valor das vocaes que as precedan. Así *cc* faise *iz* en *direizón, satisfazón*, etcétera, *uc* en *oucidente*.

[12] *Ct* trócase en *it*: *faioría, inspeitor*, e *ut* en *outubro*, ou simplemente *t* en *produto*.

Pc fai *iz* en *perceizón, esceizón*, e *uc* en *oución*.

Pt ás veces fai *it* como en *esceito*, outras *ut* como en *adoutar*.

Ps múdase simplemente *s*: *colaso*.

Bc convírtese en *uc*: *oucecazón*.

Bs fai *s* como en *asterse*, ou *us* como en *ouservar, ousesión, ausoluto*, etc.

Ousérvese como por razóns da vocalización, e d'acordo cos estudos realizados por Orchell, téndese á facer *j* como mais afin despois do *a* e mais do *e*; en troques despois de *o* ten o son unha marcada tendencia a *u*.

Y I

Sempre que o son que se queira representar sexa vocal e non consonante, poñeráse *i*, exemplo: *ai, fai, ai, vai, rei, lei, hai* e *mayo, croyo, choyo*.

Usase tamén algunhas vegadas por razón de eufonía antepoñéndoo á verbas que encomezan por *a* cando a éstas precede o artigo feminino singular ou a preposición *á*; exemplo: *tirouno á y-auga, a y-alma*.

TERMINACIÓN LATINA EN TIA

Non hai unha regra xeneral. Díse *doenza, presenza, fervenza, etc.*, e *frecuencia, concencia, pacencia, comenencia, intenlixencia, etcétera*.

[13]

PRURAES

Dos rematados en *l*. A forma *aes*, e dicir, a perda do *l* ao engadir a sílaba es romate do prural, é a mais correita: *xornaes, animaes, marxinaes, etc.*, esceitúase *papel*, que fai *papés; cadril, cadris, funil, funiles; caravel, caraveles*; e as verbas d-unha soya sílaba que conservan o *l* ao facer o prural: *males, sales, vales, etc.*

Romatados en *n*. Engádase un *s*: *nazón, nazóns; curazón, curazóns; etc.*

Romatados en *r*. Fan o prural engadindo a sílaba *es*: *lares, ares, culleres, mulleres*.

Romatados en *z*. Véxase o dito no párrafo C Z Q S.

PRONOMES

Os pronomes complementos enclíticos de verbos escribiráanse á continuazón d'éste formando unha soya dición: *téño, témolo, unímolos, vénselle, mercámola, fíxose*.

Póñense diante do verbo:

1º Cando antes d'este hai algún pronome negativo, interrogativo ou conxuntivo ou os axetivos calquera, poucos: *ninguén o sabe, ¿quén cho dixo?, o que che alcumou, foi él, calquera llo dí, poucos che deron*, etc.

2º Cando o verbo vai precedido de algunha conxunción (esceituando *e, pero, pois*) ou algún adverbo: *nin llo dei nin penso neso, lamén llo a él dixeron; hoxe non che trouxo nada*.

[14] Cando se antepoñen ao verbo estas formas pronominaes dalle certo xeito o oñadir algunha palabra entre medio das dúas: *Por falares moito, non coides que ch'eu vou dal-a razón*.

Cando os pronomes de que falamos van rexidos por un infinitivo ou un xerundio precedido d'outro verbo, pódense poñer antes ou despois d'estes modos verbáes: *Estábame facendo a barba ou estaba facéndome a barba; foillo levar ou foi levarllo*.

Aconsellamos noustante a primeira forma.

Adoutando a forma portuguesa os pronomes precedidos das preposicións *a, de, en, por*, escribiráanse unidos a éstes formando unha soya dición. O mesmo débese facer cos artigos *o, a,*

un, unha, uns, unhas, e os adverbos *aquí, aí, alí, acolá, alén, onde, antes*. Así escribiráse: *ao, da, do, das, dos, pola, polo, dela, dele, desta, deste, desa, dese, daquela, daquele, nesta, neste, nesa, nese, noutro, nalgún, nalgunha, no, na, aquí, dalí, daí, dacolá, dalén, dantes, dun*, inda que tamén pódese escribir *d'este, d'aquela*, etc.

USO DOS INFINITIVOS

A forma indeclinábele do infinitivo emprégase:

1º Cando éste tómase en seno astrauto, prescindindo de persoas: *O traballar non é pecado. É mester axudar á quen o percisa.*

2º Cando o infinitivo sirve de complemento directo ou acusativo a outro verbo: *Teus pais mándante saír. Queremos loitar pol-o ben dos nosos fillos.*

[15] O infinitivo toma as suas desinencias persoales:

1º Cando s'emprega como suxeito d'algunha oración, principalmente do verbo sustantivo, e exprésase a persoa á quen alude, ou pol-o menos quere escital-a idea d'ela; exemplo: *Fagan o favor d'iren hoxe. ¡Canto sinto o non estarmos d'acordo! Ao chegares tí, fuxiron todos.*

2º Cando o infinitivo ten o valor d'un complemento circunstancial de causa, fin, desinio, restrición, etc., especialmente se o suxeito do mesmo é tamén suxeito ou réxime da oración principal; exemplo: *Pra loitares tí comigo, téis moi poucas forzas, Teñen tempo d'abondo pra falárense.*

DIMINUTIVOS

As terminazóns en *iño, iña*, son, no galego, características dos diminutivos, como: *cativiño, neniña*, etc.

De xeito que non figurando neste dicionario os diminutivos, haberán de se buscare as verbas nos positivos e sustantivos correspondentes: *cativo, neno*, etc.

ACENTOS

No galego hai dous acentos: o agudo (´) e o circunflexo (^).

O acento agudo ten os usos seguintes:

1º Indicar nas palabras a vocal onde a [16] voz débese apoiar con mais forza: *ánemas, vosté, cómaro*.

2º Distinguir algunhas palabras que se confundrían entre sí:

É terceira persoa do singular do presente de indicativo do verbo *ser*, para a distinguir de *e*, conxunzón.

Á, preposizón, de *a*, artigo feminino.

Pór, de poñer, e *por*, proposizón.

Fóra, adverbio, de *fora*, do verbo *ir*.

Présa (axiña), de *presa*, o que se colle cunha man.

Dá, do verbo *dar*, de *da* contraizón de *de* e *a*.

3º Indicar a maior forza con que se pronuncian certas palabras cando van en frases interrogativas ou admirativas: *¿quén foi? ¿cál é? ¡quén o pensara!*

O acento circunflexo denota a pronuncia aberta das vocáes, especialmente en sílabas que sufriron contraizón: *â, âr, bô, lêr*, etc.

APÓSTROFO

O apóstrofo denota a supresión eufónica d'unha letra en fin de dición: *qu'era certo, com'as outras*, etc.

No galego déuse en abusar tanto do apóstrofo que por veces facíase difícil a lêtura. Débese, pois, usar o menos que se poida, limitándoo a preposición de como se fai no portugués e francés.

Véxase o que decimos no párrafo dos pronomes.

[17]

GUIÓN

O guión ponse algunhas veces para indicar que unha letra ou sílaba que por eufonía pronúnciase unida á outra palabra pertence á diferente dición.

Esto acontez co *s* ou *r* finaes de persoas verbaes ou dos infinitivos dos verbos e aínda d'outras palabras que se empregan á cotío, cando van seguidos dos artigos *o, a*. Ao se facer esta unión trócase o *s* ou *r* finaes por *l*, exempro: *todol-os* (todos os), *tral-os bois* (tras os bois), *poñel-a mesa* (poñer a mesa), *mail-os* (mais os), etc.

INTERROGAZÓN, ESCRAMAZÓN

E comenente sinalar co estes sinos o comezo e remate das orazons interrogativas (¿?) ou eseramativas (¡!).

[19]-[36] [Inclúense os paradigmas dos verbos falar, fender, fuxir, estar, dar, andar, lêr, ver, caer, caber, facer, querer, crêr, saber, valer, poder, poñer ou pôr, ir, vir, saír, espir ou despir, e rir].

[37]

ABREVIATURAS

a.	activo
adj.	adjetivo
adv.	adverbio
art.	artículo
conj.	conjunción
f.	femenino
fig.	figurado
f. v.	forma vulgar
interj.	interjección
loc.	locución
m.	masculino
n.	neutro

pl.	plural
pop.	popular
prep.	preposición
verbas e ritmos. Na laboura lexicográfica de Don Eladio, hai tamén a gracia dun enfeitizar. Garda as formas novas, sorprendidas na lus do día galego, enfeitizadas no Dicionario. Houbera sido por demáis ociosa tarefa, a de procurar cando Don Eladio comenzou, i en que data findóu, a obra riba da cal a súa memoria medra e chega ós termos de unha imorrente sona. Non foi comprimento dun programa, nin traballo calculado. Empezóu de neno, e rematóu co derradeiro alento. A [XII] entusiasta e calma paixón non consinte fixar cadabullos ó seu traballo, nin siquer se para en cálculos de gloria. Cecáis os ramallos ben compostos, en ningún tempo esquencidos, dos poemas do poeta do Ribeiro, sexan celmosos folgos, vieiros e fugadas temáticas da grande e relixiosa poesía, ergueita no tempro ou na carballeira ispirada, da obra enteirada con todas as horas e arelanzas do seu fidalgo vivir.

Unha das mañás máis doorosas pra nós foi unha dun mes de abril, cando en viaxe, mercando en Chantada un xornal, límos a nova do pasamento do noso amigo, querido e venerado. Sabiamolo envellecido e doente. Seu fillo, noso amigo ben lembrado e agardado sempre, Don Xulio Rodríguez Yordi, tíñanos falado, con bágoas nos ollos, facía non moito tempo, da cativa saúde do seu pai. Estamos case afeitos ós adeuses de moitos entranabres amigos. Algús, moi lonxaos no tempo, deben semellar case mitolóxicos, ós xóvenes arestora nosos amigos, sal e consóo dos nosos longos anos. Pro maxinando a vizosa saúde de Don Eladio, a

súa rexa forteza, o optimista locir do seu enxergar, figuróusenos ser un home feito e madurecido, non un vello, quen morrera.

E daquela e moitas ocasións despoixa, vivamente, con xogoral ledicia, disfróitamos na lembranza de intres da nosa amizade con Don Eladio. Quixeramos fixar dous momentos. Eles axudarannos a xustificare un pouco, diante do púbrico, a honra e premio que pra nós siñifica o escribir istas páxinas, na soleira de unha das meirandes obras das letras e do saber galegos.

Foi un na nosa casa de Trasalba. Outro, en data solene i emozoante pra as terras do Ribeiro e pra Don Eladio: o homaxe e banquete, en Ribadavia, ó cerne e bon poeta aviense. Foi no outono do 1929. Enxamáis no recordar noso, fono de semellante beleza as púrpuras das viñas ilustres. Como si as encostas do Ribeiro houberan aforrado os soles e raiolantes horas da primadeira e do vran, pra ofrecelas traspostas, alquitaradas, na composición fuxidía das cromáticas outonizas. Moitos amigos nos xuntamos ó redor de quen xa chegaba ó petruciado da Poesia do Ribeiro. Moitos deles, cecaives os máis, camiñaron pra sempre. Algús fono por nós abrazados por ves derradeira. Rexurdían a un novo latexar de místicas espranzas, os argumentos dos pórticos do bon tempo alboradeiro. E o labio do viño, xa despoixa dos magostos e da lucente cúpula do día de San Martiño, era led e cheo de antiga amizade...

Don Eladio recibíu naquela xornada, unha coroa de inesquecibres rosas de lembranza.

Arestora, ós vinteoito anos e tantos arcos de ponte sobre os renascentes fondás, a pregunta ten unha afeitiva valencia: ¿En qué degráus i estaxes se atopaba o Dicionario? Ela lévanos a enxergar algunhas determinantes, [XIII] paisaxes e rumos do vivir de Don Eladio. Poderíamos escribire: da vida do seu Dicionario. Por de fora, espreitado co criterio acostumado, un *cursus* de traballar na administración, no xornal, nas letras, no Dicionario... Ensaíando o nó, á lus centrosa do espírito, á valencia e feitura poética e apaixonada de todas as horas. Os homes, os *bos e xenerosos* da Nosa Terra, saben ancorar a súa nao en moitos portos; figuran neles enteirar as súas arelanzas, cando en verdade o porto desexado está moi lonxe, e o navegar asegún a buxola do corazón, vai a prol de faros e badías non rexistrados nos periplos. Nos ledizosos días do Ribeiro, no balbordo e ridual da festa, e no calado silencio da noite percorrida por ecos desfiados de cántigas, arranxando na mesa da oficiña informes, deixando exercitárese a pluma nun artigo limpo, sempre intresante pra un xornal da Cruña, Don Eladio engadía, tollía, milloraba, aseguraba un membro, ningún cativo, todos valentes, da grande basílica da língoa falada. E o mesmo cando escolmaba ditosos ritmos belidos, pra compor en honra de unha terra galega, un costume, un lembrar fondo e gasalleiro, os arcos de froles, de unha poesía.

Se non pode teimar ningún comentario vivente arredor dun artista galego,

descoñecendo as súas paisaxes e hourizontes. Os nativos ou os escolleitos. Paisaxes cinguidas a todas as raíces e temas da personalidade. Brumentas ou incoscentes, ou raiolantes de fonda lus afeitosa, de lonxe volta doce, ou boueante lembrar e sufrir. Pra Don Eladio, dende neno, o Ribeiro e a Cruña fono as paisaxes entranadas, as inzadas dos amores caros, as facianas da nai. Un percorrer de crítica simpatizante por o Dicionario espertando a ialma e música das palabras, comporía fonduras ledas, fidalgas, celmosas do Ribeiro onde ren pode ser valgar, e no máis esgrevio traballo preside unha lonxana intención de feitaura artística, e teoremas ou sonatas da óptica ricaz, da hímnica atrántica ca quentura cidadán da Cruña.

A nenés, o espertarse ó senso do amor, a natureza e a morte nos días ardentes, e os dispaciosos seráns da adolescenza. Nos versos do poeta maduren as parreiras, verdecen ó decorrer das augas os amieiros sensibres, liras ó vento e á lembranza. Volta ós carreiros mollados por o troupelear dos nenos indo e vindo da escola, e inda non poucas veces enxergando as couzas a traveso dos veos de cinza peneirada por a vella reitora da historia, enxamáis o Ribeiro deixa de amparalo e aloumiñalo no seu colo:

*¡Que asosego
neste homilde corrunchiño dos acougos!*

En ningures, cecaives, chegaron a se irmandare atal belidamente as aldeas mestas nos

cotos asoellados, os alteirosos pazos ulentes ó sábreo das adegas, panforreantes cas labouradas chemineas, as feitiñas naus das eirexas ancoradas nas portas dos adrales, as vilas craras de rúas ca arquitectura e composición labregas das viñas dispostas en parreiras encobridoras [XIV] do torrón, ergueitas nos camiños e vieiros, nas arboredas verdecentes pra daren vagantío ós carros e ós cabaleiros. Criaban as parreiras unha baixa e ricaz estaxe, verdecente e fresqueira. O ollar pousaba na fartura leda de unha arquiteituta vexetal, sóio curtada con armuña por os regueiros percorridos por os renques de arboredos amigos das augas.

Na cunca granítica do Ribeiro, escultura ó estilo barroco, con unha temática ordeada a locir nos exemprares penedos ovoideos, i entromedio dos mantos crecedeiros de pinos, locen torres i eirexas case episcopales, como a de Beade; latexan na vila de Ribadavia a lenda e o humorismo, a fidalguía e a gloria de fartas riquezas en ledizosos e graves conxuntos, dentro de unha lus belida, na que poderíase descubrir o gris e albo dos valentes granitos, o verdecer das follas da videira; pro cecaives o tema ribeirán sexa de festa e perfeución, de fala e orlamente clásicos nos desporios de San Croyo por a ponte, cidadán e pasaxeira, con Leiro centroso. En ningures apañan feitíos semellantes os espellos do Avia. Nises cernes paisaxes, a sombra das parés hedrosas e rechouchiantes de paxaros da tradición monástica e fidalga, veu ó mundo o noso poeta. Mais eiquí imponnos un respecto e un silencio, o misterio emozoante da nenez.

Os nenos das aldeas saben moitas e belidas, e ás veces estranas e mitolóxicas, cousas. Compren as súas mans técnicas antigas. Maxinamos ó neno engaiolado na beleza e no consello da fala. Ela confirmaba e alumeaba o latín adeprendido en San Croyo. O latín non gosta o mesmo adeprendido en terra de vendimas soadas. Outono e o primeiro inverno son ledos na Ribeira, co culto e presenza de un numen central e raiolante, ás veces misterioso: o viño. Descen os camiños co ulido e forteza da montana, e dende a Pena Corneira é emozoante enxergar o Ribeiro na aba rexa das costas.

Algunhas ledizosas feitura do val, xa sóio son lembradas por os vellos. A xeneral estaxe e arquiteitura das videiras, entre elas. Don Eladio vivíunas. Alentóu na doenza e no adéus das viñas antergas. Todo arquiva a memoria dos nenos. Ben o saben os vellos dos tempos de decaescenza e morte de antigas estroituras, e por iso gostan, pra venceren esquecemento e morte, de falaren diante dos nenos. O Ribeiro dos vellos arrieiros, das familias antigas do tempo dos antergos de Chao, e de contos e novelas de Doña Emilia Pardo Bazán, latexaba inda con pulo na mocidade do noso poeta. Deixouse engaiolar, ledos e agradecido, na verba vivente, tristeira, lonxe de trascendentalidade, de Lamas Carvaxal, o vate de semellantes, ribeiras e bocaribeiras, e mestre da língoa salgada e prástica, endexamáis cansa nin proliza do antigo Ourense e dos seus arrabaldos. Lamas Carvaxal foi, pra o mociño Rodríguez González,

bon e asiado conselleiro, pois ben logo se decatou dos seus merecementos.

Pro istas Humanidades máis labregas do que librescas do Ribeiro, [XV] tiveron no recordo súa frol e froitos no ambiente ledó, novo, finamente tinxido de espírito galego e galeguista da Cruña. Pra o rapaz, pra o mozo, foi un desembarco en ledos peiraos. Foi co tremelocir das foulas, e o máxico oficial da fouce de lus da torre de Breogán, o engado das Mariñas, o ár fino, gaseoso, da rúa, o circo de poetas e discipros axuntado arredor do inmorredoiro fogar aceso e mantido por o bardo Pondal, e o mestre da prosa e da evocación histórica, Murguía. Lonxe no espazo, perto no corazón, a heroica chama de Curros, bautismado cruñés por a coba eleita na beira do mar dos Artabros.

En ocasións solenes, en conmemoracións e discursos, Don Eladio dúu fe falando dos *grandes, dos bos e xenerosos*, da entrana de seixo e de doncel arelar do seu galeguismo. Espírito sán, optimista, gardou todo ó longo do seu vivir aquí mesmo raiolar de agradecido sentimento, de ter sido acollido por a xenerosa lus e sociedade da Cruña. Cada mañán habíase de lembrar do seu Ribeiro; pro o ser da Galiza, a roita da cultura e a poesía, confirmábase pra o mozo, como despoixa pra o mestre exemplar admirado e consagrado, na lus de ollar brumamento e mariñán da Cruña. E na Cruña, ledamente, ca seguranza, traballo e colleitas das campías e do mar, foi collendo corpo sobre rexos alicerces a grande obra calada e silente.

Longo tempo raiolou a súa presenza, inda oculta. Vivían nos ollos, na fala, de Don Eladio. Pouco a pouco ispirou respeto. Mais, dinantes de ensaiar algunhas estaxes da laboura do Dicionario, compre, lonxe de calculado pensamento biográfico, lembrar os renques paralelos de traballos e horas de Don Eladio. Nin uns nin outras, estranos ó Dicionario. Pois a badía verdecente da fala envoltábao i enchíao, como a un navío asolagado por o destino, confiado a unha mañán de ledas bateladas de Páscoa, bogar de novo, orlado dos tesouros mariños, por fermosos ronselos ventureiros.

A mesa da oficina, a mesa da Redacción. Dúas mesas amigas, ás veces a mesma, en tempos non aínda lonxanos.

Outras formas de traballo, as ponlas técnicas, a dosimetría e aproveitamento das horas no tempo de hoxe, escurecen nas novas xeneracións, e aínda fan esprezar as horas da mesa da oficina do tempo de onte e de nantronte. Eran outros ritmos. E outra a dimensión da mañán cas súas maréas de brúidos, e diferente a siñificanza de premio e recompensa da saída da oficina, a hora da volta á casa, dos albos e calmos mantés. Pra moitos foi a mesa da oficina banco duro de galera, refuxio non agradecido do fracaso. Pra outros siñifica deber, ascesis, vocación. Cala diante a ética emozoante e pura, a crítica de Luis Taboada, e o dente e mordedela vulgar e literaria.

[XVI] Don Eladio, mociño da aldea, ó se impoñer no traballo da administración da cidade, díxese á tarefa cun senso de honra, de deber xornaleiro. Viviu e foi valor operante no goberno de unha cidade ilustre e moderna. O vello espírito urbán, criador das liberdades políticas, animou ó largo de moitos anos a vida de Don Eladio. Foi un monxe na súa oficina. Emocionábase lembrando os problemas, os triunfos, os tramos angustiosos da vida municipal. Participaba, no seu posto, no goberno da brillante nau bogante da Cruña.

Nomeado, en propiedade, funcionario ó 20 de agosto do 1888, foi xubilado ó 26 de agosto do 1937. Son 49 anos -máis, con algúns servizos anteriores- nos que pasa de escribinte a oficial da Secretaría, e ó seu cargo na historia do Concello da Cruña, clásico, de Oficial Mayor. Hai grave emoción de esencia do tempo decorrido, de frolo do traballo xornaleiro e calado no escrito -14 de agosto do 1937- pedindo o descanso: *...lleva prestados al Municipio más de 48 años de continuados servicios, en el cumplimiento de los cuales ha procurado poner siempre toda su buena voluntad y todos sus entusiasmos, para desempeñar lealmente, con dignidad y con decoro, ya que no con suficiente aptitud, los diversos cargos que le han sido confiados a través de aquel largo período de tiempo...* Nil comprúu algúns empregos de singular valencia. Por exemplo a labourea a prol da Cruz Roxa, o tempo de Secretario interino do Concello. Unha foula de agradecemento debéu devalar mollando os ollos de Don Eladio, ó

9 de agosto do 1917 cando o Concello e os seus funcionarios, presididos por o alcalde Don Manuel Puga y Parga, e xuntamente con xornalistas, adicáronlle un grande e fervente xantar.

Á mesa de redución levaba Don Eladio, co seu calmo e san gosto literario, a mesma lediza, o mesmo senso do deber. O seu xeito de traballo, cecáis poidérase declarare como xornaleiro agradacemento a Deus da lus, do pan, da saúde, e do espeitáculo de cada novo e comprido día.

Si na fonda laboura do Dicionario Don Eladio escuita, e toda a súa vixiante concencia se enteira no ouvido, os ollos ledos e prudentes zugan de outra mais levián aitualidade, a materia da súa colaboración xornalística. Traballaba en revistas, en xornales, como corresponsal da Prensa galega da emigración. O seu fogar periodístico foi o sonado *El Noroeste*. Chegaron a seren estimados en toda a Galiza como periodistas de doada ispiración e traballo en loita co tempo, a priguiza das conversas e o engado do ambiente, Don José Pan de Soraluze, Don Alfredo Tella, Don Manuel Puga y Pardo. As tres, e outras, figuras cinguidas cada día ó decorrer das horas e das conversas, na Rúa Real, nos cafés, nas tertulias. Don Eladio é sempre o traballo regoado, certo, ben feito. Igoal na figura que envolve e fai circular a noticia, do que no artigo de doutrina transparente, de tema case sempre galego, e na crítica teatral e de libros. Traballaba no xornal [XVII] dende as sete deica as dez. Voltaba despoixa das once i escribía,

correxía, aconsellaba, dono e mestre sutil e bon de todas as claves do oficio, deica as catro da mañá, ou aínda uns cartos de hora máis. Son os máis celmosos bocados do froito tentador, cheo de gustos acedos do xornalismo, Os escritos, croquis e lembranzas das derradeiras horas, xa adiantada a mañán, e agromada nas brancas follas a primaveira tipográfica do novo día.

O Sr. Rodríguez Yordi, fillo amante, cronista piedoso, emozoado e verdadeiro, como corresponde a home de cerne verdade como foi Don Eladio, ten adicado páxinas embazadas de isa fermosa e melancónica néboa da realidade fuxidía a moitas reduciós cruñesas. Con gusto, trascribimos un paxase :...*ovalada y única -la mesa- respondía al criterio de hacer de la labor periodística un todo coherente. La tarea era individual y especializada, pero en los temas opinables se obtenía con rapidez una confrontación de pareceres por el simple procedimiento de entablar debate en la mesa común.*

Don Eladio, presidente da Asociación da Prensa da Cruña despoixa de figurar na primeira xunta do ano 1904, colaboraba na *Revista Gallega* do seu amigo Don Galo Salinas, e noutras revistas; e puña seu amor ós galegos da outra banda do Atrántico, traballando pra eles craras e cheas crónicas da vida galega, que saían nos correos da Habana. Endexamáis se fixo a súa limpa língoa xornalista, istromento nin eco de polémicas, xenreiras persoales, e sóio a paixón da Galiza quentou ás veces a súa prosa, como en lembradoiras páxinas adicadas ó

Patriarca Murguía. Ás veces o poema, un intre, ou temporeira versión, do poema sin nome e soante a xeneraciós en camiño dono do seu esprito, xurdía nas follas do diario; como aconteceu no poema *Eles...*, composto pra o número de *Galicia* publicado na Cruña ó 30 de maio do 1908, en honra dos hérois da Independencia. No 1921, as estrofas de *Carne da Raza* foron escritas en gabanza das destemidas mulleres da illa de Sálvora, cando ceibarón de morrer afogados ós náufragos do barco *Santa Isabel*.

Membro numerario e presidente da Academia Galega, o outo locir dos mestres Pondal e Murguía se non escureceu no poeta do Ribeiro, no alumno da fonda e belida exempraridade, da forma cultural, enteirado no ser e vida da aldea e da mariña galegas. Gardamos con amor o exemprar de *Oraciós campesiñas*, a chama máis podente, a máis ricaz e millor mantida de entranabres arelanzas, das acesas por Don Fladio no sagro e puro dolmen da Poesía. Nas verbas da xenerosa adicatoria, Don Eladio di o que val máis, e aforra requintadas críticas: *Ó meu querido amigo... a quen me xunta espritoalmente o santo amor á Terra e o forte amor á Aldea*. Levan a data do mes de Nadal do 1927. Léndoas nestora, nun silencio de respeto e amizade, decatámonos de cómo no decorrer do tempo moita [XVIII] semente inzou; e o canto da nosa xente migradoira pra os fitos do alén, ten resoado fondo e baril no corazón das carballeiras e dos silenciosos *lucos* dos poetas.

Outono tras outono, as estradas follas ensoando verdeceres abriheiros pra as outas pon-
las, son belida imaxe do valente e calmo medrar do bosco da fala, no silencio de Don Eladio.

Tampouco quixéramos teimar espectográficos análises literarios. Somos, coidamos
por o menos sermos, bós lectores; terra mol, ben logo agradecida á lus, e ó chover -e hastra ás
aspras xiadas- da meteoroloxía literaria, pro febles críticos. Non ousamos crebar os sagros
velos da consagración literaria. Están tecidos de fíos moi sotís. Algús, cecáis por o poeta non
percibidos, donados por as deusas da súa propia cabeleira, ergueita á brillante esfera das noi-
tes... Cada intre pide máis a crítica, a forza e o método da Psicoloxía. As máis das sorpresas, e
dos desacougos e admiracións debidas ós poetas, medran i estabrecense na súa órbita verda-
deira, cun estudo científico do carácter do autor. Non esquecendo o vello e de sempre: *Est deus
in nobis; agitante calescimur illo.*

O nume da crara i ergueita poesía de Don Eladio Rodríguez, vaga nas pechas néboas
dos Ribeiros que fan espeitral a ascética fórmula do alciprés, e rebaixan o ulido desmariado
pagán das adegas; fía cas vellas, na compañía do bater das áas da lenda á lus das brasas
esmorecidas na cinza, destouza cos homes as encostas, alenta nas fases briladoiras, na óptica
de cauda de pavo real aberta nas vendimas, vive asegún o bater do corazón labrego: batelar
das torres, canto dos eirados, xermolar dos sotos, coitas e górias da emigración. E aquilas

áas de anxo que, doéndose de ser da Morte no lusco fusco dos poentes, levan e portan as almas das nosas a un inmorrente alentar lembradoiro.

Don Eladio -pois inda non vello, a non procurada gravidade xenerosa do seu comportamento díulle o *don* afeitoso- aplausado en moitos certarnes e rexas competicións de Poesía, como xa no 1886 e 87 en Betanzos i en Pontevedra, no 1891 ca poesía *Desperta*, no certame de Tui, orgaizado por a Asociación Rexionalista, no 1924 cas *Oraciós campesiñas* na *Festa da Língua Galega* celebrada en Santiago de Compostela, fixo acodir os máis dos seus vieiros poéticos ó xurdio e fermoso paisaxe do libro *Oraciós campesiñas*. Foron dinantes *Folerpas*, 1894, e *Raza e Terra*. Con amor i emoción acariñan as nosas mans, percorren os nosos ollos, entramas edicións.

Temos falado de vieiros. Toda fidalga e ispirada tarefa editorial, quer decir un vieiro traballoso cara os outos cotos lumiosos. Vai, e as máis veces morre no érmo, entre sebes de espranzas. *Folerpas* camiña no renque e teoría de lumes en pelerinaxe, gobernadas por o grande vello Don [XIX] Andrés Martínez Salazar. *Raza e Terra*, semente i esquema de *Orbal-leiras*, dá ton, co nome de un autor ben recibido na opinión, a *Céltiga*, sinxelo latexo en curtas follas da frol da xuventude galega. Na biblioteca de Martínez Salazar, Eladio Rodríguez González era un mociño chegado das aldeas da Avia, cun bimbio xogantín na man e unha

pluma de pavo-rial no sombreiro. Na revista de Xaime Quintanilla i equipo de Castelao, Vilar Ponte, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, en días de aspra loita do galeguismo, Don Eladio leva unha sona de xornalista i escritor. Madurecen os eidos poéticos, os traspostos fondos de amor, paisaxe, morte e *resurrexit* ben logo alumeados por o miragre prometido, sempre novo, do arco da vella, no libro poético centroso de Don Eladio: *Oraciós campesiñas*.

Como na curta obra de Añón chama *A pantasma*, na do Dr. Barcia o *Arco da vella*, na outa crasicidade e degoiros de Curros pra moitos leutores *A Virxe do Cristal*, na poesía de Don Eladio a maina e lembradora música de *Orballeiras* téñese, no sentir xeneral, como a de ritmos, lonxanías, evocaciós máis axeitadas pra esbroar a parede de senso común, ergueita entre as figuranzas xornaleiras e o poético devalar do mundo, e donar a calquera unha vivencia do senso poético das cousas... Nós temos dito, descendo do Carballiño por Pazos de Arenteiro, pousando o ollar e as potencias acalmadas do espírito nos horizontes ben tecidos de videiras de Beade, poemas de *Oraciós campesiñas*. I entón, e tamén no amparo de sombras rechouchi-antes de paxaros de noso xardín aldeán, a poesía do admirado Don Eladio ordeábase na semellanza, feitío requintado, maxinar ledó, xogo e mandado da morte, na gracia dos oficios, na adicación senlleira das vidas, na recendente fartura de simbólicas colleitas maxinativas dun retábulo barroco.

Pois en lingoaxe das celmosas parroquias, con ritmos de muiñeira e de gaita, das augas das invernías enchendo os canles enxoitos, dos calmizos do vran cando o *pintor* misterioso e calado anda por as parreiras, enfiáanse de *mans dadas* como belidamente díse en Portugal, as vendimas e as xeiras do probe vello de pedir, profeso monxe da Ordre dos camiños; a soedade das mulleriñas orfas no cincento lar, o pranto das torres, as queixas do agro acendendo faíscas xusticieiras nas fouces, as sazós do ano fondamente sentidas por o labrego, os topónimos agasalleiros do Ribeiro, a leución e pranto amantiño dos cruceiros, os leviáns velos gandideiros da orballeira...

Noutros rumos da súa aitividade literaria, Don Eladio compuxo páxinas en nobre gabanza dos mestres, discursos ben madurecidos na millor doutriña estética e crítica. Pensamos nun 31 de agosto -o do 1920- soado na historia da Poesia Galega: entraba na Academia Galega un outo poeta, sen o procurar, o mestre dos novos: Ramón Cabanillas. A festa decorréu no verdecente e fidalgo acougo do Balneario de Mondariz. Presidía, misturada [XX] co público, a figura raiolante de xenerosa paixón de Don Enrique Peinador. O autor da *Terra asoballada*, de *Vento mareiro*, escolmando por padriño a Don Eladio, fíxolle chea xustiza á honradeza do seu nome literario. Tratouse como moitas vegadas, de envoltar en sebes de conceitos o sentimento devaladoiro e criador da saudade... No belido discurso de Don Eladio

decorren moitos poetas i ensaístas, chamados por grave vos xenerosa á pelerinaxe da Virxe dos Ermos da Saudade.

Escribindo istas páxinas medra a nosa admiración. Unha, dúas follas máis adiante vai o leutor a entrar na máxica frolesta. Non ha saír deseguida do seu engado. Ela enfeitiza co ulido outhonizo e o renacer abrilheiro das verbas e dos ritmos, da fala en néboa verdecente e soante ou en labres ben coñecidos. O vello e o novo amíngoan moito do seu senso, na aitualidade da fala. Unha sucesión de paisaxes e chamadas vai guiando por carreiriños amantes, entre o medrar e frolecer mesto e tenso da Fala.

Ben soupo dende o principio, Don Eladio, da valencia e porvir da súa obra. Adicoulle a mañanceira ilusión de cada día; e no folgo do traballo, chegando o consóo do sono á laboura feita, faciálle o durmir máis de neno. Decatábase, agradecido, de repousar na aba da noite da Galiza. En cartas emozoadas tennos dito Don Xulio Rodríguez Yordi, como o seu pai traballaba no eido escolleito. Ben logo o fermoso manuscrito raiolaba o locir da súa verdade e beleza. Cada día o navío, traballado pra os roteiros da inmortalidade, milloraba en valencia e beleza. ¿Cándo o vento fincharía as súas velas? Moitos portos agardaban por il. Don Eladio Rodríguez González chegou á malenconía da vellez, tivo seu pasamento, sin o consóo, nin

xiquer cecáis a espranza, de que a lus da pubricidade pousara nas follas do rexistro do seu vivir; fixera de novo soantes e faladas, as verbas que il, grande mago dos atentos silencios, tiña ordeadas nas albas e caladas follas.

Por iso GALAXIA, empresa de xente nova, forma e figuranza de unha xeneración grave de pensamento, pura no arelar, profesa na fé de unha Galiza frol da Europa como lucíu na promesa do tempo románico, non dubidóu en procurar a Don Eladio Rodríguez González, abondo de anos despoixa do seu pasamento, a edición que houbera sido en vida a meirande das súas grorias literarias. Alentamos na patria e na vivencia de un noso i espranzado senso do inmorrente. E coidamos no cerne do esprito chamar máis perto dos seus, das súas amadas paisaxes, a lembranza do autor do Dicionario, ó publicalo nista hora crítica, fonda e alboradeira pra a nosa Galiza, sempre, e arestora máis que nunca, confiada na súa baril xuventude.

Houbo un momento de espranza, case de certidume, pra Don Eladio. Maxinóu, tiña dereito a maxinar, os volumes podentes e ricaces da nosa obra nas mesas dos eruditos, nas vidreiras das librerías. Aquil día -¡qué [XXI] cinzas, de quente ollada de fada, houbera acendido pra Don Eladio, aquil día, o ceo atlántico!- non chegou. Ficarán cecáis pra sempre no silencio e xentileza e desintrés de Don Eladio, cando xa acordos firmes do Concello da Cruña -por os derradeiros do 1933- aseguraban a pubricación...

Pra GALAXIA hoxe unha data de gloria. Os reitores da empresa souperon enxergar ben a prol da cultura galega, do seu espallamento, da obriga de publicar dentro e fora da Galiza -dentro ben perto, no corazón, a Galiza emigrada- o ser i ensoar a door e arelanza da Nosa Terra. No cumprimento do deber, nin porfias nin retesías de novos e vellos. Imponse de seu en todo tempo, o froito celmoso, a honrada fábrica de unha grande obra da intelixenza e o amor. Ó publicar os novos a obra de un vello, procraman, lonxe de todo énfasis, como na alegría de editar en galego páxinas inéditas do primeiro filósofo de Europa, e de espallar de cotío poemas, ensaios e novelas de mozos, entra tamén a de ceibar do esquecemento un Dicionario, frol e fariña, xuventude de un enteiro e nobre vivir. A verdade e valencia íntimas, non os ventos da moda ou as polémicas das xeneracións, presiden e ispiran a empresa, outa e xenerosa, da nosa GALAXIA.

Noso agradecido sentimento pra os herdeiros do autor; e particularmente, como persoeiro da confianza de iles e de por sí, ó brillante escritor Don Xulio Rodríguez Yordi, quen con amizade xentil puxo nas mans dos guieiros de GALAXIA o tesouro do libro, a prenda i herdo máis fermosa i entranabre do seu pai. Con amor e respecto, dámolo á publicidade. Confiamos no trunfo, maino e calado, o xeito de trunfar propio das obras de fondos alicerces, de outa e podente arquitectura.

Noso agradecimento á xenerosidade de quenés, emigrados na faiscante Caracas, na terra venezolán, cada intre máis inzada de valores galegos, fixeron posibre a saída da obra por eles tamén ferventemente agardada. Pois na emigración, a língoa sóa cecáis con meirande forza e beleza, consola i ergue con líricas áas, fortece, e no esprito e na sociedade acrecenta máis o sentimento dos outos destinos da Galiza. A língoa nosa, cada intre máis espallada nos pobos e sociedades atlánticas, locirá novamente pra moitos, confirmará en outros a fé, ca saída do Dicionario de Don Eladio Rodríguez González; é o romor da fala anterga e nova, gardada nas súas follas, nada ó sol, e á bretema, á door, á dita e á morte, da mesma inmorredoirá raíz do corazón i esprito de cada galego, -merecente de sélo, alumno dos poetas ispirados-, e dos longos silenzos e traballos de un pobo guiado por a man de Deus, pra alentar aínda saudosamente máis aló dos marcos da vida e da morte.

Ramón OTERO PEDRAYO.

[XXIII]

ABREVIATURAS EMPLEADAS

- a. = activo
- abl. = ablativo
- abs. = absoluto
- acep. = acepción
- acus. = acusativo
- adj. = adjetivo
- adv. = adverbio, adverbial
- adv. afirm. = adverbio afirmativo
- adv. c. = adverbio de cantidad
- adv. l. = adverbio de lugar
- adv. m. = adverbio de modo
- adv. neg. = adverbio de negación
- adv. t. = adverbio de tiempo
- advers. = adversativa
- afirm. = afirmativo,a

amb. = ambiguo
ant. = antiguo, anticuado
apóc. = apócope
art. = artículo
aum. = aumentativo
ayunt. = ayuntamiento
BRAG. = Boletín de la Real Academia Gallega
c. = ciudad
CT. = Crónica Troyana
cap. = capital
cast. = castellano
cm. = centímetro
col. = colectivo, colección
com. = común, comúnmente
comp. = comparativo
cond. = condicional
conj. = conjunción
conj. adv. = conjunción adversativa

conj. cond. = conjunción condicional

conj. copul. = conjunción copulativa

conj. distr. = conjunción distributiva

conj. disy. = conjunción disyuntiva

conj. ilat. = conjunción ilativa

conjug. = conjugación

conjunt. = conjuntivo

contrac. = contracción

copul. = copulativa

corrup. = corrupción

dat. = dativo

def. = defectivo

demost. = demostrativo

despec. = despectivo

determ. = determinado, determinativo

Dic. = Diccionario,os

DC. = Diccionario de Carré

DCU. = Diccionario de Cuveiro

DL. = Diccionario de Leiras

DP. = Diccionario de Pintos

DRAG = Diccionario de la Real Academia Gallega

DV = Diccionario de Valladares

Dim. = diminutivo

distr. = distributiva

disy. = disyuntiva

Doc. = Documento,os

dm. = decímetro

ej. = ejemplo

epít. = epíteto

exclam. = exclamación

exp. = expresión

ext. = extensión

f. = femenino

fam. = familiar

fig. = figurado

fr. = frase

fut. = futuro
gal. = gallego
gén. = género, general
genit. = genitivo
ger., gerund. = gerundio
gr. = gramo
Hist. = histórico, Historia
id. = idem
imper. = imperativo
impers. = impersonal
ind. = indicativo
indef. = indefinido
indet. = indeterminado
inf. = infinitivo
insep. = inseparable
interj. = interjección
interr. = interrogativo
intrans. = intransitivo

inv. = invariable
irreg. = irregular
KM. = Kilómetro
Kgr. = Kilogramo
l. = litro
loc. = locución
loc. adv. = locución adverbial
long. = longitud
m. = masculino, metro
m. adv. = modo adverbial
m. conj. = modo conjuntivo
mgr. = miligramo
mm. = milímetro
munic. = municipio, municipal
n. = neutro
n. pr. = nombre propio
nat. = natural
neg. = negación, negativo

[XIV]

nom. = nominativo

núm. = número

obs. = observación

p. = pasivo

p. a. = participio activo

p. ej. = por ejemplo

p. usual. = poco usual

p. p. = participio pasado

pág. = página

part. = partido, partícula

part. jud. = partido judicial

pers. = personal

pl. = plural

pop. = popular

por ext. = por extensión

pos. = posesivo

pot. = potencial

pref. = prefijo

prep. = preposición
prep. ins. = preposición inseparable
pret. imp. = pretérito imperfecto
pret. indef. = pretérito indefinido
pret. perf. = pretérito perfecto
pron. = pronombre
prov. = provincia
r. = regular
RAG. = Real Academia Gallega
rec. = recíproco
Refrs. = Refranes
rel. = relativo
s. = sustantivo, siglo
s. m. = sustantivo masculino
s. f. = sustantivo femenino
sent. = sentido
separ. = separativo
sing. = singular

sin. = sinonimia
sinóm. = sinónimo
subj. = subjuntivo
superl. = superlativo
tr. = transitivo
V. = véase
v. = verbo
v. a. = verbo activo
v. aux. = verbo auxiliar
v. dep. = verbo deponente
v. defect. = verbo defectivo
v. imp. = verbo impersonal
v. irreg. = verbo irregular
v. n. = verbo neutro
v. r. = verbo regular
v. rec. = verbo recíproco
v. ref. = verbo reflexivo
var. = variante

VCT = Vocabulario de la Crónica Troyana

voc. = vocablo, vocabulario

vulg. = vulgar, vulgarmente

v. gr. = verbigracia

APENDICE

[III, 459]

VOCABULARIO DE VOCES QUE NO FIGURAN EN EL CUERPO DE LA OBRA

[III, 461]

NOTA EDITORIAL

El inmenso caudal léxico de nuestra lengua no fué agotado por la paciente y admirable labor colectora de D. Eladio Rodríguez. No podía serlo, porque tal empresa excede las posibilidades del esfuerzo individual. Recoger, ordenar y estudiar nuestro tesoro léxico en su totalidad más o menos aproximada es tarea que requiere el esfuerzo colectivo y continuado de un equipo de personas. Creemos que no tardará el momento en que nuestros jóvenes lingüistas acometan esa gran empresa cultural con entusiasmo, tenacidad y método. Como premio a tal labor podrán ofrecer a la Rumania el corpus de una de sus lenguas más ricas, tanto en el caudal léxico como en la matización semántica.

Como homenaje a D. Eladio y al generoso entusiasmo de nuestros hermanos emigrados que hicieron posible la publicación de esta obra, tan útil para el conocimiento de la lengua gallega, la EDITORIAL GALAXIA quiso enriquecer su contenido incluyendo un Apéndice con centenares de voces vivas que no figuran en el cuerpo de la misma y que fueron recogidas directamente por nuestros colaboradores y amigos. Las pocas que aparecen repetidas en el Diccionario y en el Apéndice responden a la necesidad de registrar en éste alguna acepción que no figuraba en aquél.

Proceden estas voces de distintas zonas de Galicia. Cesáreo Saco recogió las de la tierra de Lemos; el poeta Novoneira, las del Caurel; Bernardino Graña, las de Cangas de Morrazo y algunas de Ribadavia; X. Luis Franco Grande, las de Tebra; el P. Santos Alonso, las de La Limia; Anxel Fole, las del Incio y Quiroga; Ramón Piñeiro, las de Láncara, Lugo y algunas otras zonas lucenses; el Dr. García-Sabell nos facilitó una interesante relación de voces referentes a enfermedades y padecimientos, recogidas de enfermos de toda Galicia; Ramón Lourenzo Vázquez, algunas palabras recogidas por él en A Mahía; A. Germade, las que aparecen localizadas en Sárdoma-Vigo; Benito Fernández Álvarez aportó las palabras localizadas en Lobios, y las de Viana del Bollo fueron recogidas por Laureano Prieto; también incluimos algunas de las voces [III, 462]

recogidas y publicadas por Aníbal Otero Alvarez, sin duda nuestro máximo lexicógrafo actual, en sus trabajos aparecidos en CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS y en ARCHIVUM; incluimos igualmente voces publicadas por D. José María Pereda Alvarez en DOURO-LITORAL y recogidas por él en Verín, Viana, Celanova, Ginzo y Viveiro; el escritor Silvio Santiago nos proporcionó las que aparecen localizadas en Villardevós.

No es necesario aclarar que la localización sólo indica el lugar en que las voces fueron recogidas, pero no su área de vigencia, que en muchas de ellas es de gran extensión, a veces con variantes y a veces con discontinuidades. Por ejemplo, en una gran zona de Lugo el mirlo no se conoce con el nombre de MERLO o MELRO sino con los de COCHORRA, COCHOSA, COCHOROSA, CHOCOROSA, variantes que abarcan una gran extensión continua en su conjunto. En cambio, como ejemplo de vigencia discontinua, podríamos poner la voz PEGADA, que significa "huella", "pisada", recogida por Franco Grande en el valle de Tebra y que aparece vigente en las tierras luguesas del Incio y del Caurel, pero sin que se dé continuidad de vigencia desde Tebra al Incio.

El material incluido en el Apéndice fué ordenado por nuestros colaboradores y amigos Xosé L. Méndez Ferrín y Bernardino Graña.

Para mayor utilidad de este Diccionario, añadimos al mismo un segundo Apéndice con un VOCABULARIO CASTELLANO-GALLEGO. Tomamos por base, aunque revisándolo profundamente, el publicado por las Irmandades da Fala en 1933. Además de agregar voces vivas que no figuran en él, se suprimen bastantes arcaísmos de los que allí figuran y que la experiencia demostró que ejercieron un influjo desorientador sobre algunos de nuestros escritores.

[Primeira edición]

[3]

DICCIONARIO GALEGO-CASTELAN

[4]

Depósito Legal - VG. - 85 - 1968

EDITORIAL GALAXIA - Reconquista, 1 - VIGO.

[5]

X. L. FRANCO GRANDE

DICCIONARIO
GALEGO-CASTELAN

E

VOCABULARIO CASTELAN-GALEGO

EDITORIAL GALAXIA

[7]

Ós rexos labregos de Tebra, de quenes adeprendín case todo.

A todos os que asistiron ás miñas crases de galego, en Vigo, anque de min adeprenden tan pouco.

E a Tebra, miña terra, onde teño as raíces máis fondas, por enriba de todo, anque esta restitutio non é, nin pode ser; in integrum.

[9]

LIMIAR

Hai anos que se facía sentir entre nós a falta dun Dicionario manua galego-castelán, esgotados os dispoñibles deica agora e, ademáis, pola crecente demanda que destes instrumentos de traballo se botóu de ver nos anos derradeiros. O interés polo coñecemento do noso idioma e da nosa literatura, é un dos feitos máis sinalados desta hora. Por iso, nunca como agora mesmo se sentiu o valeiro que supón o feito da ausencia no noso mercado libreiro dun Dicioliario manual galego-castelán.

E habendo como hai nestes intres milleiros de persoas que se esforzan por chegar a un acaído coñecemento do noso idioma, GALAXIA estimóu de primeira necesidade encher este oco, poñendo un novo instrumento de traballo nas mans deses milleiros de persoas que, espalladas por todo o país i en gran número fora de el, debecen por ter un coñecemento cabal da súa propia fala, que falan a cotío, pero que non estudaban deica agora. E tendo en conta que se estuda hoxe o noso idioma na Universidade galega (e aínda na de Barcelona e noutras), en moitos Colexios e centros oficiás, e tamén noutros centros culturais, é craro que un número

importante da poboación galega -número crecente, ademáis- sinte a necesidade deste instrumento de traballo que hoxe GALAXIA lles facilita. Por iso, coídoise tamén que o único Dicionario galego-castelán que hoxe se pode mercar nas nosas librerías -o de D. Eladio Rodríguez González-, non servía a esa finalidade, pois non é doadamente manexable, dado o seu volume e máis a súa finalidade enciclopédica, pra ser un instrumento escolar de traballo. Este tiña que ser un manual, un vocabulario, ó cabo.

Esa é, pois, a finalidade deste libro. O seu autor vese obrigado a declarar eiquí, por si alguén non o sabe, que a súa obra carece de todo mérito persoal e ningún outro se quere atribuir tampouco. Somentes quixo prestar un servizo ó seu país, si é que a súa obra sirve [10] pra axudar a todos aqueles que de algunha maneira queren chegar ó coñecemento do meirande tesouro espritoal que a nosa terra produciu no seu decorrer cultural. E si unha fala é sempre a meirande creación que un pobo pode acadar no seu paso polo tempo, que non ten comparanza con ningunha outra, porque é a esencia mesma da súa persoalidade, o que lle dá categoría de pobo, o autor sentirase moi satisfeito de saber que o seu traballo non foi en van e poida servir ó millor coñecemento da nosa propia singularidade e preste, por iso mesmo, un, servizo ó país.

Non atoparedes neste libro ningún níerito especial. Nin o autor é quen pra acadalo, nin tampouco se propuxo facer unha obra importante -que nada vai sinificar no estudo e coñecemento do galego, fora dos únicos lindes pedagóxicos ditos-, senón que sabe moi ben que eivas se lle poden poñer. Con todo, entra eiquí un material esicográfico de moita importancia, mesmo en cachocira. En primeiro termo, todo o que figura no Apéndice ó Dicionario de D. Eladio, en cuia colleita intervú tamén o autor deste Manual; en segundo, o material publicado por Aníbal Otero, i en terceiro, novas aportacións do autor, non incluídas no devandito Apéndice, e que proceden, case na súa totalidade, da súa propia terra, o val de Tebra. Tamén se inclúe algún que outro termo isolado procedente de algúns autores de hoxe.

Débese sinalar tamén que cando se incorporan termos procedentes doutros Dicionarios galegos que pra o criterio do autor merecen certas reservas, ben por non teren uso na nosa literatura, ben por non lle constar a súa vixencia oral, ou por calquera outra razón (que tamén pode ser o mesmo desconocemento do autor), nese caso preferíu salvar a súa responsabilidade citando a procedencia do termo, engadindo: "según Fulano de tal". E moitas veces nin isto, pois preferíu seguir o criterio da eliminación en vez do amoreamento. Decátase moi ben de que isto é discutible, máis non todo pode ser ríxidamente seguro.

E veleiquí vos deixa con este Dicionario. Que vos faga a compañía que compre.

X.-L. FRANCO GRANDE

[Segunda edición]

[3]

DICCIONARIO GALEGO-CASTELAN

[4]

1ª EDICIÓN, 1968

2ª EDICIÓN, 1972

Depósito Legal - VG. - 85 - 1968

EDITORIAL GALAXIA - Reconquista, 1 - VIGO.

[5]

X. L. FRANCO GRANDE

DICCIONARIO
GALEGO-CASTELAN

E

VOCABULARIO CASTELAN-GALEGO

EDITORIAL GALAXIA

[7]

Ós rexos labregos de Tebra, de quenes adeprendín case todo.

A todos os que asistiron ás miñas crases de galego, en Vigo, anque de min adeprenderan tan pouco.

E a Tebra, miña terra, onde teño as raíces máis fondas, por enriba de todo, anque esta restitutio non é, nin pode ser, in integrum.

[9]

LIMIAR Á SEGUNDA EDICIÓN

Esgotada hai tempo xa a primeira edición deste Dicionario, aparecida a fins do ano 1968, impúxose a necesidade desta segunda que agora sai anovada, revisada e mesmo arrequecida. Contén perto de 10.000 vocablos máis que a primeira, incluíndo tamén as novas acepcións. Isto siñifica que contéi con moi estimables axudas que fixeron posible o volume que este manual houbo de coller.

É de xusticia que sulíñe eiquí, senón todos os nomes de quen me axudaron na colleita do material arrecadado, sí ao menos os do P. Alonso Estravís, Laureano Prieto, Carlos Durán (que dende Londres me fixo presente o moito material que da miña terra esquecera na primeira edición), Susana López Facal, Valentín Arias, Ramón Piñeiro e algúns outros que farían moi longa a miña lista de agradecimentos.

Pode que unha novidade sexa o vocabulario que eiquí se recolle procedente das bisbarras galegas da chamada Galicia exterior, onde o galego conserva unha solprendente pu[9]reza; vocabulario que, folga decilo, non é exclusivo desas terras, senón que, ao longo de todo o país galego, vese tamén xurdir eiquí e acolá. Con isto quero sinalar asimesmo que as miñas fontes informativas proceden de toda a nosa xeografía, resultando por certo dunha moi considerable diversidade.

Esgotada, como digo, tan axiña a primeira edición, case nin tempo tiven pa coller folgos e poñerme a dispoñer con vagar esta segunda. Isto soio foi posible por ter eu contado coa rexa e disciplinada axuda de Xohán Bernárdez, quen -hai que decilo pra que se seipa- fixo a traballosa compulsa de dicionarios anteriores e tivo pacencia pra mecanografiar as dez mil fichas que ao longo dun ano enteiro lle fun entregando. Quede, pois, moi eraro tanto o meu agradecemento como a miña débeda.

E nada máis.

X. L. FRANCO GRANDE

[Oitava edición]

[3]

DICCIONARIO GALEGO-CASTELAN

[4]

1ª Edición, 1968

2ª Edición, 1972

3ª Edición, 1975

4ª Edición, 1978

5ª Edición, 1980

6ª Edición, 1981

7ª Edición, 1982

8ª Edición, 1983

Depósito Legal - VG. - 174 – 1983

EDITORIAL GALAXIA – Reconquista, 1 – VIGO.

[5]

X. L. FRANCO GRANDE

DICCIONARIO
GALEGO-CASTELAN

E

VOCABULARIO CASTELAN-GALEGO

EDITORIAL GALAXIA

[7]

Ós rexos labregos de Tebra, de quenes adeprendín case todo.

A todos os que asistiron ás miñas crases de galego, en Vigo, anque de min adeprenderan tan pouco.

E a Tebra, miña terra, onde teño as raíces máis fondas, por enriba de todo, anque esta restitutio non é, nin pode ser, in integrum.

[9]

Este Dicionario galego-castelán de Xosé Luis Franco Grande, que agora lle ofrecemos ao público en nova edición, tivo unha difusión sin precedentes na historia editorial galega.

Desde o ano 1968 en que saíu do prelo por vez primeira, foron sete as edicións sucesivas que se fixeron, sumando un total de 90.000 exemplares.

Ao se ter esgotado a última aparecid, vémonos obrigados a botar esta octava ao mercado –sin alteracións de ningún orde– para poder atender a permanente demanda que do Dicionario se mantén.

Ben quixéramos presentar agora unha edición reelaborada e amedrada, como era propósito do autor. Pero impedimentos de tempo e a urxencia da saída, determinounos a reeditar, sin engádegas, este instrumento de traballo indispensable para cantos se preocupan de coñecer e estudar a lingua galega.

Como en anteriores ocasións, queremoslle agradacer ao autor do Dicionario, o xeneroso consentimento que nos deu para realizar a nova edición, coa que tencionamos seguir servindo a cantos se interesan pola nosa fala.

OS EDITORES

[V]

[portada]

DICCIONARIO GALEGO-CASTELÁN

[VII]

OBRAS DE LEANDRO CARRÉ

Contos e diálogos.

Amor malfadado (novela).

Os super-homes (novela).

Naiciña (novela).

A propia vida (novela).

O home que deu vida a un morto (novela).

O xornal de Mavi (novela).

Nos picoutos de Antoín (novela premiada).

Compendio de Gramática Galega.

Gramática Gallega.

Diccionario Galego-Castelán (o mais completo dos publicados hastra o día).

TEATRO

Tolerías, pasatempo nun acto.

Pra vivir ben de casados... pasatempo nun acto.

Trasnadas, pasatempo nun acto.

Un home doente, pasatempo nun acto.

Meiguerías, pasatempo nun acto.

Noite de ruada comedia nun acto.

Enredos, comedia en dous actos.

Rexurdimento, drama nun acto.

A venganza, cadro tráxico nun acto.

A paz do campo, comedia en dous actos.

